LUGOXA

NOVEMBRO- 2026 Nº 67 WWW.LUGOXA.COM EXEMPLAR GRATUÍTO

infraestruturas
O Pazo de Feiras e Congresos será renovado cun investimento de 1,58 millóns de euros. **Páx. 3**

rural
O BNG esixe que continúe o servizo taxi a demanda que comezou co anterior goberno. **Páx. 5**

política
O PSOE traballa nun proxecto ambicioso para a cidade nun período de dez anos. **Páx. 8**

sociedade
A Sociedade Micolóxica Lucus organiza un ciclo de conferencias polo seu 25 aniversario. **Páx. 11**

cultura
A Sociedade Filarmónica de Lugo programa 15 actuacións no Círculo das Artes. **Páx. 17**

Prometen máis vivendas e a un prezo asumible



Como afectan as Eleccións do 29N en Galicia?

Os galegos escollerán os representantes do Congreso dos Deputados e do Senado. **Páx. 26-27**

A Deputación de Lugo amplía o Plan Deputación

Nunhas contas históricas, o programa de colaboración cos concellos chega aos 25 millóns. **Páx. 28**

XXXVI Festival de Jazz



Varios espazos acollerán as propostas musicais entre o 4 e o 14 de novembro. **Páx. 15**

Reino Animal



O tanarorio e crematorio de mascotas de Lugo ofrece un servizo completo. **Páx. 13**

Uxía Folgueira



A deportista proclamouse subcampioa mundial por equipos con 14 anos. **Páx. 31**

A filosofía deportiva do Club Judo Lugo

Aprender a caer, levantarse e volver intentalo son os valores impartidos desde a base. **Páx. 29**



O Goberno local estuda reformular o carril bici



O Concello de Lugo está a estudar cambios no trazado do carril bici para corrixir as dificultades de mobilidade que, segundo o goberno local, está a provocar na cidade. O obxectivo é adaptar a infraestrutura ás necesidades dos veciños sen renunciar á promoción dunha mobilidade máis sostible.

Con esta finalidade, o concelleiro de Mobilidade e Obras, Antonio Ameijide, estivo no Parlamento Europeo para coñecer as condicións aplicables ás actuacións financiadas con fondos comunitarios. Os encontros serviron para analizar as posibilidades de modificar o proxecto, os prazos dispoñibles e as condicións que permitirían reformular o percorrido ou mesmo suprimir determinados tramos por motivos de seguridade.

Ameijide explicou que o Concello pretende coñecer todas as alternativas antes de tomar unha decisión. Segundo indicou, a prioridade é corrixir os problemas que o trazado actual está a xerar na mobilidade diaria e determinar que cambios se poden realizar, en que condicións e dentro de que prazos. "A infraestrutura debe contribuír á mobilidade sostible, pero tamén estar integrada no espazo urbano e ser compatible coa circulación, a seguridade e a vida cotiá da veciñanza".

Un dos asuntos analizados foi a normativa europea sobre a durabilidade das actuacións financiadas con fondos comunitarios. En concreto, abordouse o artigo 71 do Regulamento (UE) número 1303/2013, que establece condicións para determinadas infraestruturas e investimentos financiados con estas achegas. Este artigo prevé a posible devolución dos fondos europeos cando, durante os cinco anos posteriores ao pagamento final ao beneficiario, se producen determinadas circunstancias. Entre elas figura unha modificación substancial que afecte á natureza, aos obxectivos ou ás condicións de execución da actuación e que menoscabe os seus obxectivos orixinais. Por este motivo, o Concello considera necesario determinar o alcance das posibles modificacións e comprobar que unha reformulación do carril bici sexa compatible coas condicións da axuda recibida.

Buscan melloras no polígono industrial do Ceao, clave para Lugo



O Grupo Municipal Socialista de Lugo propón tres actuacións para mellorar as infraestruturas do polígono industrial das Gándaras: reclamar á Xunta unha conexión coa A-6 a través da Campiña, construír unha rotonda na intersección das rúas Durán Loriga e María Barbeito e completar a contratación do aparcadoiro vixiado para camións da rúa Aller Ulloa.

A primeira proposta pasa por reclamar ao Goberno galego unha conexión directa entre o polígono e a autovía A-6 a través da Campiña. Segundo os socialistas, esta infraestrutura permitiría facilitar os accesos, reducir os tempos de desprazamento e mellorar o transporte de mercadorías. Bustos considera que o Concello debe asumir un papel activo para reclamar esta actuación á Xunta.

A segunda intervención consistiría na construción dunha rotonda no cruzamento das rúas Durán Loriga e María Barbeito, un punto no que confluúen os desprazamentos relacionados coa actividade industrial e o tráfico de vehículos pesados. O PSOE entende que a ordenación desta intersección contribuiría a reducir riscos e favorecer unha circulación máis fluída.

Por último, os socialistas reclaman ao Goberno local que complete os trámites pendentes para poñer en funcionamento o aparcadoiro vixiado para camións previsto na rúa Aller Ulloa. O proxecto, impulsado polo anterior executivo municipal, contempla unha zona segura de estacionamento, con posibilidade de pernocta e servizos de vixilancia para protexer os vehículos e as mercadorías.

As tres medidas recollen necesidades trasladadas pola Asociación de Empresarios do Ceao e das Gándaras (AEPOCAG). Nos encontros, o colectivo tamén expuxo outras demandas relacionadas coa iluminación, o estado dos viarios, a vixilancia do tráfico e a mellora do transporte público, especialmente das frecuencias e horarios adaptados ás quendas laborais.

O líder socialista, Miguel Fernández, defendeu que estas dúas áreas industriais deben ocupar un lugar central na planificación económica da cidade para a próxima década, tanto pola súa capacidade para xerar emprego como polo seu papel no desenvolvemento industrial e loxístico de Lugo.

NOVO APARCADOIRO NO CEAO. Pola súa parte, o Goberno local de Lugo anunciou que o polígono industrial do Ceao disporá de 117 novas prazas de estacionamento coa creación dun aparcadoiro disuasorio nunha parcela municipal de 5.096 metros cadrados situada entre as rúas Benigno Rivera, da Industria e da Agricultura. O proxecto conta cun investimento de 450.000 euros, financiado polo PAI Novo Norte, con fondos europeos FEDER, e pola Xunta de Galicia.

A intervención contempla a conservación das árbores e zonas verdes existentes, a instalación de pavimentos permeables nas prazas convencionais e un sistema de drenaxe que favoreza a infiltración da auga da chuvia. Ademais, habilitaranse prazas para persoas con discapacidade e espazos preparados para instalar no futuro puntos de recarga para vehículos eléctricos.

ARTAi
HORMIGONES
Cl. Rioseco s/n,
Monforte De Lemos, 27400
692 946 698
629 817 933
Pol. Ind. Betote Km 21
Sarria, 27600
692 946 694
629 817 933

Prefabricados y Hierros
TOURON, S.L.
Prefabricados de hormigón
Taller de ferralla
Cubiertas de panel sandwich
Cubiertas de fibrocemento
Servicio de grúa
982 530 469
hierrostouron@gmail.com

As axudas ao alugueiro poderán cubrir ata o 50 % da renda mensual



O Concello de Lugo, a través da Empresa Municipal de Vivenda e Solo (Evislusa), abriu a convocatoria das axudas ao alugueiro de 2026, destinadas a financiar parcialmente a renda das persoas que teñan a súa vivenda habitual no municipio. As bases publicáronse no Boletín Oficial da Provincia (BOP) e o prazo para presentar solicitudes estará aberto do 2 ao 20 de novembro.

As subvencións poderán cubrir ata o 50 % do prezo mensual do alugueiro, en función dos ingresos da unidade de convivencia. Como principal novidade, o límite máximo da renda subvencionable aumenta dos 400 aos 550 euros mensuais. Ademais, as axudas terán carácter retroactivo desde o 1 de xaneiro de 2026 e contemplan a posibilidade dunha prórroga durante 2027.

Poderán optar a estas achegas as persoas inquilinas dunha vivenda situada en Lugo que constitúa o seu domicilio habitual, estean empadroadas nela cunha antigüidade mínima de seis meses e conten con ingresos da unidade de convivencia comprendidos entre 0,5 e 3 veces o IPREM. Desde Evislusa recomendan presentar a documentación o máis completa posible para axilizar a tramitación.

A convocatoria enmárcase na estratexia municipal de vivenda, que terá continuidade co programa Lugo Aluga, previsto para xaneiro de 2027. Esta iniciativa contará cunha dotación orzamentaria inicial de 150.000 euros e estará orientada a incorporar vivendas baleiras ao mercado do alugueiro con prezos asumibles, ofrecendo garantías tanto ás persoas propietarias como ás que buscan un fogar. A xestión corresponderá tamén a Evislusa, que se encargará de informar e tramitar as solicitudes, mediar entre as partes e acompañar o proceso de arrendamento.

O programa contempla axudas de ata 900 euros por vivenda para cubrir diferentes gastos vinculados ao alugueiro. Entre eles figuran o seguro de protección do arrendamento, cun máximo de 525 euros; o certificado de eficiencia enerxética, ata 125 euros; a inspección técnica independente do inmoble, tamén ata 125 euros, e os gastos de tramitación profesional, coa mesma contía máxima. Ademais, os propietarios poderán beneficiarse dunha bonificación do 95 % no Imposto sobre Bens Inmobles (IBI), sempre que cumpran os requisitos establecidos. A adhesión á bolsa municipal poderá prolongarse durante cinco anos.

Pola súa banda, as persoas que busquen vivenda poderán acceder a inmobles cunha renda adaptada aos seus ingresos e á composición da unidade de convivencia. Evislusa ofrecerá tamén asesoramento legal e fiscal antes e despois da sinatura dos contratos, así como mediación en caso de conflito. O Concello prevé desenvolver unha campaña informativa para explicar as condicións de participación e os trámites necesarios.

O PROBLEMA DA VIVENDA. A principios de outubro, máis de 1.500 persoas, segundo os convocantes, participaron nunha manifestación na Praza Maior de Lugo para reclamar vivendas dignas e denunciar o incremento dos prezos dos alugueiros. Baixo o lema "A vivenda é un dereito", os asistentes reclamaron recuperar un plan municipal que contemplase a mobilización de pisos baleiros, unha bolsa de alugueiro accesible e a ampliación da vivenda protexida.

A protesta tamén cuestionou as políticas de vivenda e reclamou medidas para frear a especulación e facilitar o acceso a un fogar. Nese mesmo mes, o Goberno central aprobou dous reais decretos-lei con medidas sobre a estabilidade dos contratos, a regulación dos alugueiros temporais, a protección dos inquilinos e o impulso da oferta residencial. Entre as propostas figuraban novas garantías para os arrendatarios e medidas para ampliar o parque de vivenda accesible.

Licitada a terceira fase da modernización do Pazo de Feiras por 1,58 millóns de euros



O Pazo de Feiras e Congresos de Lugo afrontará unha nova etapa de renovación cun investimento de 1,58 millóns de euros. A terceira fase do plan de mellora das instalacións permitirá reparar a cuberta do pavillón 2, que conta cunha superficie de 3.600 metros cadrados, e incorporar actuacións para reducir o consumo enerxético.

A intervención na cuberta disporá dun orzamento de 376.969,98 euros, mentres que as medidas de eficiencia enerxética sumarán 233.834,62 euros. Estas últimas incluirán melloras nos sistemas de climatización, no control solar e nas cortinas do salón de actos. O proxecto reserva tamén 4.689,19 euros para cuestións relacionadas coa seguridade, a saúde e a xestión de residuos.

A renovación desenvólvese por fases coa participación da Deputación de Lugo, a Xunta de Galicia e o Concello de Lugo. O obxectivo é mellorar o estado das instalacións e adaptalas ás necesidades dun recinto que mantén actividade durante practicamente todo o ano, con entre 347 e 353 días de ocupación anual.

As dúas primeiras fases xa permitiron actuar sobre diferentes elementos do complexo. En 2025, cunha achega provincial de 255.000 euros, reparouse o lucernario central para evitar filtracións, melloráronse os revestimentos interiores e os baños e reforzouse a protección contra incendios. A segunda fase, actualmente en execución e cunha contribución da Deputación superior aos 700.000 euros, céntrase na fachada e nas cubertas dos accesos aos pavillóns.

A licitación desta terceira fase aprobouse nunha reunión extraordinaria do Padroado de Feiras e Exposicións de Lugo, na que participou o deputado de Promoción Económica e Social, Pablo Rivera Capón. A institución provincial financiará 215.422,83 euros desta nova actuación, o que representa o 35 % do investimento necesario, segundo informou o responsable provincial.



LUGOXA

Fontiñas terá 103 novas prazas para aparcar



O barrio de Fontiñas contará con 103 novas prazas de aparcamento coa licitación das obras de tres estacionamentos disuasorios na rúa Primavera, na avenida Vila Verde e na Ronda Xosé Castiñeira, na contorna do Conservatorio de Música.
A Xunta de Goberno Local aprobou esta actuación, que conta cun orzamento conxunto de 273.578,56 euros, IVE incluído, e un prazo estimado de execución de seis meses.
As prazas distribuiranse en tres puntos: 27 na rúa Primavera, 18 na avenida Vila Verde —unha delas reservada para persoas con mobilidade reducida— e 58 na Ronda Xosé Castiñeira. Os proxectos inclúen a pavimentación, drenaxe, iluminación e sinalización dos espazos, así como a ordenación dos accesos e a mellora da accesibilidade. No estacionamento próximo ao Conservatorio tamén se acondicionará unha pequena zona verde, plantaranse dúas árbores e prepararanse canalizacións para instalar no futuro puntos de recarga de vehículos eléctricos.
As tres actuacións empregarán unha solución de pavimentación que integra herba na superficie das prazas, cun acabado máis verde que favorece a infiltración da auga da chuvia e reduce a impermeabilización do terreo. Tamén se prevé repoñer os tramos de beirarrúa que estean deteriorados.
Ás obras súmase a apertura dun proceso de información pública para localizar terreos que poidan destinarse a un cuarto aparcadoiro municipal. O Concello busca parcelas de entre 2.000 e 4.000 metros cadrados situadas a un máximo de 150 metros dos límites da Rolda das Fontiñas. Tamén se poderán presentar varias parcelas lindeiras que, en conxunto, acaden a superficie mínima.

Información ao momento e novas rutas, os cambios no autobús



O transporte urbano de Lugo incorporará novas ferramentas dixitais, medios de pagamento e cambios nos percorridos para modernizar o servizo e adaptalo ás necesidades da cidadanía. Entre as principais novidades figuran unha aplicación móbil con información en tempo real, a posibilidade de pagar os billetes con tarxeta bancaria, a integración das liñas en Google Maps e a ampliación do taxi a demanda nas parroquias sen conexión regular de autobús.
Unha das actuacións centrais será a implantación dun novo sistema de axuda á explotación (SAE), que permitirá coñecer a localización dos autobuses, os tempos estimados de chegada e os seus percorridos. Esta información estará dispoñible tanto nunha aplicación móbil como nunha páxina web. Ademais, as liñas urbanas incorporaranse a Google Maps para facilitar a consulta dos itinerarios e a planificación dos desprazamentos, aínda que esta última medida dependerá dos prazos da plataforma.
Outra das novidades será a incorporación do pagamento mediante tarxetas de débito e crédito directamente nos autobuses. Tamén se estudará a posibilidade de integrar o servizo coa tarxeta de transporte da Xunta de Galicia, MOVETE, co obxectivo de ofrecer máis alternativas ás persoas usuarias.

CAMBIOS NAS RUTAS. O Concello tamén prevé revisar e optimizar os percorridos para conseguir un servizo máis eficiente e adaptado ás demandas veciñais. Entre as cuestións que se analizarán figuran as frecuencias e as conexións co Hospital Universitario Lucus Augusti (HULA) e co cemiterio municipal.
A renovación chegará igualmente ás paradas e marquesiñas. Das 24 pantallas informativas instaladas na cidade, só oito funcionan actualmente, polo que se contempla a reparación ou substitución destes dispositivos. Tamén se actualizará a información dos postes e das marquesiñas, que contarán cunha nova imaxe para facilitar a consulta de horarios e percorridos.
As medidas inclúen tamén a garantía de dispoñibilidade de aseos para os condutores en todas as rutas, co obxectivo de atender as necesidades do persoal durante a prestación do servizo.

Esixen ao Concello reparar as fochancas da rúa Ourense

A Asociación de Veciños, Comerciantes e Industriais de Lugo reclama ao Concello unha reparación urxente da calzada da rúa Ourense polo mal estado que presenta, con numerosas fochancas e profundos socavóns que, segundo denuncia o colectivo, dificultan a circulación e comprometen a seguridade.
A entidade diríxese á Concellería de Vías e Obras para pedir que se arranxen os desperfectos e se garanta que a rúa reúna as condicións axeitadas para o tránsito de vehículos e peóns.
A asociación advirte de que o estado da vía non só pode provocar danos nos vehículos, senón que tamén supón un risco para as persoas que camiñan pola zona.

O centro social do Castiñeiro e o aparcadoiro do HULA, en proceso

O Concello de Lugo avanzará na recuperación do centro social do Castiñeiro e na mellora do aparcadoiro de terra do HULA. A Xunta de Goberno Local encargou á empresa municipal EVISLUSA a redacción do proxecto técnico e a dirección das obras de rehabilitación do edificio da Praza do Castiñeiro, por un importe de 11.270 euros. O prazo para elaborar o documento será dun mes. A actuación pretende recuperar o espazo como centro de convivencia e para o desenvolvemento de actividades municipais, mellorando as condicións de accesibilidade e conservación.
O goberno local tamén adxudicou por 272.000 euros as obras de renovación do pavimento do leiraparking do HULA. A intervención permitirá actuar sobre o firme cunha solución que reduza as necesidades de mantemento deste espazo.
No ámbito urbanístico, a Xunta de Goberno concedeu licenza para construír un edificio de 16 vivendas na zona da Praza Agro do Rolo, nunha parcela con fronte ás rúas Eloi Maquieira Arquitecto e Anselmo Sampedro Ania. O proxecto contempla tamén 16 prazas de garaxe, 16 rochos e un local comercial, cun investimento de 1,3 millóns de euros e un prazo de execución previsto de 36 meses.
A actuación reportará ao Concello 52.252,05 euros en taxas e impostos.
Ademais, aprobouse o pagamento de 5.854,81 euros polas expropiacións necesarias para executar o Plan Parcial do sector SUD S-16.R, que prevé un sistema xeral de espazos libres de 9.774 metros cadrados.



rural

O transporte a demanda no rural protagoniza o debate no Concello

O servizo de taxi a demanda para conectar as parroquias rurais con Lugo volve estar no centro do debate municipal. O BNG reclama ao goberno local que dea continuidade a un proxecto que, segundo denuncia a formación nacionalista, está paralizado. A iniciativa comezou a funcionar en febreiro cunha experiencia piloto en Carballido e Labio e pretende ofrecer unha alternativa de transporte público ás persoas que viven en lugares aos que non chega o autobús urbano.

O portavoz do BNG, Rubén Arroxo, lembrou que a posta en marcha deste sistema foi posible despois de varios anos de traballo e defendeu que a experiencia inicial tivo unha boa acollida entre a veciñanza. O obxectivo da formación era avanzar progresivamente cara a un modelo de mobilidade que permitise conectar as 54 parroquias do municipio coa cidade, sen necesidade de estender as liñas convencionais de autobús a todas elas.

"Conseguimos iniciar en Lugo un proxecto totalmente revolucionario e innovador, que é avanzar en que todo o rural, as 54 parroquias, poidan ter transporte público a través do servizo de taxi a demanda", afirmou Arroxo. O nacionalista considera que esta fórmula permitiría dar resposta ás necesidades de desprazamento da poboación rural mediante un sistema adaptado á demanda e cun custo asumible para as persoas usuarias.

A proposta busca facilitar o acceso aos servizos da cidade e reducir a dependencia do vehículo particular, especialmente entre as persoas que non dispoñen de coche ou teñen dificultades para desprazarse pola súa conta.



Segundo explicou o BNG, a seguinte fase do proxecto xa estaba prevista e contemplaba a incorporación de Orbazai, Adai, Ombreiro, Piugos, Cuiña e Saa. A formación considera que este paso permitiría avanzar na extensión do modelo máis alá das dúas parroquias nas que comezou a experiencia piloto e reclama que se retome a planificación inicial.

Arroxo mantivo encontros coa veciñanza de distintas parroquias, entre elas Saa, Ombreiro, Cuiña e Piugos, para explicar o funcionamento do sistema e defender a súa continuidade. Estes contactos forman parte da iniciativa do BNG para reclamar avances na implantación do taxi a demanda e garantir unha alternativa de transporte público para o rural lucense.

REUNIÓN CO SECTOR. Por outra banda, o Concello de Lugo anunciou avances para ampliar o servizo de taxi a demanda a novas parroquias rurais. O goberno local traballa para estendelo a Orbazai, Adai e Meilán, despois de que comezase a funcionar en Carballido e Labio. A intención é implantar progresivamente este modelo ata alcanzar todas as parroquias do municipio. A ampliación pretende mellorar as opcións de desprazamento da veciñanza do rural, especialmente daquelas persoas que non dispoñen doutras alternativas de transporte público. O anuncio produciuse tras unha reunión entre o Concello e a Asociación Provincial de Taxistas e Radio Taxi, presidida pola alcaldesa, Elena Candia, e na que participou o concelleiro de Mobilidade e Obras, Antonio Ameijide. O acordo busca ampliar a oferta de vehículos adaptados e facilitar os desprazamentos das persoas que precisan este tipo de transporte.

Durante a reunión tamén se puxo sobre a mesa a necesidade de mellorar as posibilidades de transporte durante a noite. Neste ámbito, o Concello estudará outras fórmulas para responder ás necesidades de mobilidade nocturna no municipio.

O BNG reclama unha revisión urxente da LU-P-2906 en Cuíña

A edil do BNG de Lugo, Cristina López, levará á área de Infraestruturas da Deputación provincial as reclamacións da veciñanza de Cuíña polo deterioro da estrada LU-P-2906 e o perigo que supón a presenza de árbores en mal estado nas proximidades da calzada.

A formación nacionalista solicitará unha intervención urxente ante os riscos que, segundo advirte, afectan á circulación neste vial, especialmente pola posible caída dunha fila de árbores sobre a estrada. As persoas que utilizan habitualmente esta vía temen que o desprendemento dalgún exemplar poida provocar incidentes e poñer en perigo os vehículos que transitan pola zona.

Entre as actuacións que reclamará o BNG figura unha inspección técnica inmediata da LU-P-2906 para avaliar o estado das árbores situadas na contorna da estrada e determinar as medidas que cómpre adoptar. En función dos resultados, a formación pide que se proceda á tala dos exemplares que supoñan un perigo ou ao seu acondicionamento preventivo.

San Xoán de Pena celebrará a súa xuntanza veciñal o día 7

A parroquia de San Xoán de Pena celebrará o vindeiro sábado, 7 de novembro, a súa xuntanza veciñal, unha cita que combinará gastronomía e música para reunir veciños e visitantes ao longo de toda a xornada. O programa comezará ás 13:30 horas cunha sesión vermú amenizada polo Dúo Crazy.

Ás 14:30 horas terá lugar o xantar, cun menú que incluirá polbo á feira, carne ao caldeiro, caña rechea de crema, pan, viño, auga, cervexa, refrescos, café e licores. O prezo será de 40 euros por persoa para quen participe nesta comida.

A programación continuará pola tarde con baile e animación musical a cargo do Dúo Crazy e Laswek DJ. Ás 21:30 horas servirase a cea, con empanada, liscos, larpeira, bebidas, café e licores. O prezo será de 15 euros por persoa, mentres que quen queira asistir tanto ao xantar como á cea poderá facelo por 50 euros.

A festa prolongarase pola noite cun baile acompañado pola disco móbil de Laswek DJ. A organización establece que os menores de oito anos poderán participar de balde, aínda que deberán reservar asento, mentres que os nenos e nenas de entre oito e doce anos pagarán a metade do prezo.



O Goberno local aprobou ampliar un 20 % o SAF



A Xunta de Goberno aprobou incrementar un 20 % o contrato con Aralia Servicios Sociosanitarios, cunha modificación de 2.230.829,02 euros entre 2026 e 2029, que permitirá incorporar 3.138 horas adicionais de atención. A medida chega nun contexto no que o servizo atende 455 persoas e mantén unha lista de espera de 538, segundo os datos municipais do 20 de outubro. O reforzo está vinculado ao aumento do financiamento autonómico, que eleva de 12 a 16 euros por hora a achega subvencionable en 2026, con subas previstas ata os 17 euros en 2027 e os 18 en 2028. O obxectivo do Concello é atender a todas as persoas en espera con grao III de dependencia e practicamente a totalidade das de grao II.

ENFRONTAMENTO LOCAL. Porén, a portavoz adxunta socialista, Ana González Abelleira, cuestionou o alcance da medida e asegurou que o incremento real da dotación é do 13 % anual, fronte ao 20 % anunciado polo Executivo. O PSOE considera que a ampliación non resolve as carencias estruturais do servizo e estima que serían necesarias 14.800 horas mensuais adicionais para atender as persoas con graos II e III de dependencia. Tamén reclamou explicacións polas diferenzas nas cifras difundidas polo Concello. Segundo lembran, en xuño comunicárase que o SAF atendía 636 persoas, fronte ás 455 actuais, mentres que a lista de espera pasou das 567 persoas anunciadas daquela ás 538 actuais. Ademais, critican que o Goberno local utilizase a cifra de 585 como referencia inicial para presentar unha redución de 47 demandantes, cando, tomando como punto de partida os datos publicados en xuño, o descenso sería de 29. Abelleira tamén pediu aclarar a que período corresponden as 3.138 horas adicionais, como se distribuirán e que recursos humanos permitirán prestalas.

Pola súa banda, o Goberno local rexeitou as críticas e explicou que o incremento debe calcularse sobre o importe máximo da licitación, non sobre as horas inicialmente contratadas. O contrato conta cun orzamento base de 11,1 millóns de euros, IVE incluído, para dous anos, e contempla a posibilidade de ampliar a contía máxima ata un 20 %. Así, sosteñen que esta cláusula xa figuraba no contrato impulsado durante o anterior mandato socialista, aínda que daquela non se chegou a aplicar. Segundo os seus cálculos, os 2,2 millóns de euros da ampliación, repartidos entre os 34 meses restantes do contrato e as posibles prórrogas, permitirían incorporar arredor de 3.100 horas mensuais de atención, tomando como referencia o prezo contractual de 20,91 euros por hora.

A pasarela que unirá os parques Rosalía e Marcos Cela, para maio

A pasarela peonil que conectará os parques Rosalía de Castro e Marcos Cela por riba da Ronda da República Arxentina comezará a tomar forma nos próximos meses. O Concello de Lugo prevé executar os traballos de cimentación antes de que remate este ano e instalar a estrutura metálica a finais de maio de 2027. O calendario municipal coñeceuse despois de que o portavoz do BNG, Rubén Arroxo, reclamase avances na actuación e cuestionase a demora dos traballos. Arroxo lembrou que o proxecto parte dun acordo plenario de 2018 que el mesmo defendeu e no que o anterior goberno municipal traballou durante un longo período. Porén, o proxecto e a licitación foran aprobados o 29 de abril, a adxudicación completouse en agosto e a formalización do contrato tivo lugar o 17 de setembro.



Esta infraestrutura permitirá recuperar un antigo camiño tradicional interrompido pola construción da ronda e crear un percorrido peonil continuo desde o centro, a través de Recatelo e do parque Marcos Cela, ata o río Miño. O proxecto contempla unha estrutura metálica curva de aceiro corten, apoiada sobre piares en forma de V, deseñada para reducir o mantemento e integrarse na contorna.

Desde o Concello explicaron que os traballos actuais se centran na fabricación da estrutura metálica en dous talleres especializados, unha fase que non é visible desde a vía pública. Os piares colocaranse a mediados de maio de 2027 e a instalación da pasarela está prevista para finais dese mes e contará cun orzamento de 1.115.361,22 euros.

A Xunta Electoral abre un expediente sancionador a Candia

A Xunta Electoral de Zona de Lugo acordou abrir un expediente sancionador á alcaldesa, Elena Candia, tras a denuncia presentada polo PSOE pola súa visita ás obras do aparcadoiro disuasorio do Ceao o pasado 14 de outubro e a posterior difusión dunha nota de prensa institucional. O organismo considera que as actuacións vulneraron a normativa electoral ao promocionar a xestión municipal e incluír críticas aos anteriores gobernos. A resolución cualifica os reproches ao anterior executivo de "claramente contrarios á debida neutralidade" e considera que a visita e a comunicación foron organizadas e financiadas con fondos públicos. Por iso, ordena retirar a nota da web municipal e require a Candia que evite actuacións similares ata a celebración das eleccións.

A Xunta Electoral tamén rexeitou que a ausencia dunha inauguración oficial ou o carácter técnico da visita xustificasen a actuación. Ademais, considera que a modificación posterior da nota de prensa, coa eliminación das críticas políticas, non elimina a posible infracción.

RESPOSTA. Pola súa banda, o Goberno local recorreu o acordo ante a Xunta Electoral Provincial e lembra que a apertura dun expediente non implica a imposición dunha multa nin unha resolución firme.

Desde o Concello defenden que a visita tivo como obxectivo supervisar o avance das obras e que non houbo discursos nin actos protocolarios. Tamén argumenta que modificou a nota de prensa para retirar as referencias aos anteriores gobernos e manter a información técnica e económica do proxecto.

No recurso solicita que se anule a apertura do expediente e a orde de retirada da publicación.



Critican que os orzamentos da Xunta volven deixar Lugo sen proxectos



Os orzamentos da Xunta de Galicia para 2027, que ascenden a 15.158 millóns de euros, un 6,4 % máis que no exercicio actual, contemplan diferentes investimentos en Lugo, especialmente en infraestruturas viarias, sanidade, educación, vivenda e atención social. Porén, as partidas anunciadas polo Goberno galego recibiron as críticas do PSOE e do BNG, que consideran que as contas non responden ás principais necesidades da cidade e volven incluír proxectos que acumulan anos de atrasos.

Entre as actuacións máis destacadas figuran os 7,85 millóns de euros destinados a completar a conversión en autovía do corredor Nadela-Sarria, co desdobramento do último treito entre a rotonda de Nadela e o enlace da Pobra de San Xiao. Tamén se prevén dous millóns de euros para avanzar na Rolda Leste e 516.176 euros para as obras da Serra de Meira, vinculadas ao Plan Paradai.

En materia sanitaria, a Xunta contempla 600.000 euros para contratar o proxecto do futuro centro de saúde do Sagrado Corazón, máis de 1,6 millóns para a segunda fase do acelerador lineal do HULA e 870.000 euros para a reforma integral do centro de saúde da Milagrosa. A estas actuacións súmase a previsión de incorporar recursos de saúde mental ao edificio sen uso do barrio da Residencia.

O ámbito educativo contará con 1,3 millóns de euros para continuar a ampliación do CEIP de Nadela, 483.400 euros para o IES Muralla Romana e 180.000 euros para o CIFP As Mercedes. Ademais, destínanse 4,7 millóns ao Campus Terra dentro da súa acreditación de excelencia para o período 2025-2029.

As contas tamén recollen 248.200 euros para a protectora de animais entre 2026 e 2027, 1,2 millóns para ampliar o estadio Anxo Carro e 126.993 euros para o proxecto de abastecemento e saneamento da N-540, en Esperante. No ámbito social, prevén máis de nove millóns para o Bono Coidado no Fogar, que beneficia a 1.800 persoas, 3,34 millóns para o Servizo de Axuda no Fogar e un millón para continuar as obras das residencias públicas das Gándaras e da Milagrosa.

Tamén figura unha partida de 100.000 euros para ampliar o polígono industrial das Gándaras e 1,9 millóns para o desenvolvemento do PIA do Sagrado Corazón. En materia de vivenda, a Xunta destaca o impulso de máis de 600 inmobles de protección pública na cidade.

A OPINIÓN DA ALCALDESA

Para a alcaldesa de Lugo, Elena Candia, os orzamentos "respaldan o modelo de cidade que impulsa o actual Goberno local, con investimentos en infraestruturas e servizos públicos". A rexedora destacou especialmente os avances en proxectos como a ampliación da protectora de animais, o parque canino de Fontiñas, as obras da Serra de Meira e o abastecemento e saneamento de Esperante.

Candia tamén puxo o foco nos pasos dados para impulsar o centro de saúde do Sagrado Corazón, con 600.000 euros para contratar a redacción do proxecto nos terreos que xa son propiedade municipal. A alcaldesa asegurou que o Concello seguirá traballando para completar os trámites necesarios e converter as partidas orzamentarias en actuacións concretas.

O PSOE, MOI CRÍTICO

O PSOE critica a falta de compromisos para os proxectos pendentes Desde o PSOE, a portavoz adxunta do grupo municipal, Ana González Abelleira, cualificou as contas de decepcionantes e cuestionou que os investimentos non respondan ás necesidades de Lugo. A concelleira criticou que se repitan partidas para proxectos que levan anos sen executarse e reclamou un calendario concreto que permita coñecer os prazos reais de cada actuación.

Entre as súas principais reivindicacións figura a conexión do polígono das Gándaras coa A-6, que considera fundamental para mellorar a competitividade empresarial. Tamén denunciou a falta de avances nas actuacións de mobilidade previstas en Fontiñas, entre elas as melloras na avenida de Vila Verde, os itinerarios ciclistas e a creación dun aparcadoiro.

En materia de patrimonio, González Abelleira considera insuficientes os 500.000 euros previstos para o Museo da Romanización, que debería permitir mostrar máis de 15.000 pezas arqueolóxicas no antigo cuartel de San Fernando. A socialista reprochou que o proxecto siga sen unha solución que garanta a súa execución e que a Xunta confíe no financiamento estatal do 2 % Cultural.

Tamén reclamou máis recursos para completar a recuperación da Tinería. A vivenda é outro dos puntos de confrontación. O PSOE denunciou que Lugo leva 16 anos sen construír vivenda pública e considera insuficiente a previsión duns 200 inmobles fronte ás máis de 2.000 persoas inscritas como demandantes na cidade.

No ámbito sanitario, González Abelleira cuestionou que non exista unha partida específica para executar as obras do novo centro de saúde do Sagrado Corazón e derrubar o edificio actual. Ao seu xuízo, os 600.000 euros anunciados para contratar o proxecto non son suficientes para materializar a infraestrutura. Tamén criticou os atrasos na reforma da Milagrosa e a falta de respostas ás necesidades de atención á dependencia e das persoas maiores.

O BNG RECLAMA INVESTIMENTOS AXUSTADOS ÁS NECESIDADES

O BNG tamén fixo unha valoración negativa dos investimentos autonómicos. A deputada nacionalista por Lugo no Parlamento galego, Olalla Rodil, puxo o acento na falta de vivenda pública e lembrou que entre 2009 e 2024 non se construíu ningunha na cidade. Segundo indicou, actualmente só están en execución 146 vivendas en Garabolos, na avenida Paulo Fabio, mentres que o resto dos anuncios non se traducen en solucións inmediatas.

Ante esta situación, a formación anunciou que presentará unha emenda aos orzamentos para incorporar unha partida de 240 millóns de euros destinada á compra pública de vivenda xa construída. O obxectivo sería mobilizar unhas 1.400 vivendas en réxime de alugueiro, tamén en Lugo. Rodil tamén criticou os atrasos acumulados no centro de saúde da Milagrosa.

Pola súa banda, o portavoz do BNG no Concello, Rubén Arroxo, criticou que a Xunta reserve dous millóns de euros para a Ronda Leste. Os nacionalistas rexeitan o trazado actual polo seu posible impacto sobre as zonas verdes e as carballeiras da contorna do río Rato e da parroquia de Bosende. A formación lembra que presentou alegacións, promoveu iniciativas municipais e recolleu sinaturas para reclamar alternativas que protexan o patrimonio natural.

Arroxo pediu á Xunta que estude outras opcións e reclamou á alcaldesa que aclare se defenderá as demandas da cidade ante o Goberno autonómico. Ademais, presentarán emendas aos orzamentos para reclamar a creación do Gran Parque Central no espazo que ocupa a actual estación de autobuses, ante a próxima entrada en funcionamento da nova terminal intermodal. Arroxo, defendeu que os dous millóns de euros previstos para a continuidade da Rolda Leste se destinen á redacción do proxecto e á primeira fase desta nova zona verde.

O portavoz nacionalista insistiu en que os orzamentos deben valorarse polas obras que finalmente se executan e non só polas partidas anunciadas, e reclamou investimentos que respondan ás necesidades da veciñanza e respecten a contorna natural.



LUGOXA

O BNG aposta por mellorar a conexión por tren



O BNG levará á campaña das eleccións xerais do 29 de novembro unha proposta para mellorar as conexións ferroviarias de Lugo e reclamar unha maior atención ás infraestruturas pendentes na provincia. A portavoz nacional, Ana Pontón, presentou en Lugo a carpeta 'Lugo Quere Tren', coa que a formación defende a modernización da liña ferroviaria con A Coruña, unha conexión directa con Santiago e a ampliación de horarios e frecuencias. A líder nacionalista afirmou que o obxectivo é situar a provincia na axenda política estatal e rematar coa discriminación que "sofre en materia de transporte". Entre as prioridades figura completar a modernización da liña Lugo-A Coruña, coa súa electrificación, máis frecuencias e unha redución dos tempos de viaxe.

A segunda proposta pasa por establecer unha conexión ferroviaria directa entre Lugo e Santiago de Compostela. Pontón explicou que sería necesario habilitar uns 27 km de vía para conectar as paradas de Curtis e Ordes e permitir así un traxecto directo entre ambas as cidades.

O BNG tamén reclama ampliar os horarios e mellorar as frecuencias e os percorridos e sostivo que a futura estación intermodal de Lugo precisa trens que ofrezan alternativas reais de mobilidade á cidade, á comarca e á súa área de influencia.

Pola súa banda, Olalla Rodil citou como prioridades a conclusión da A-54 entre Lugo e Santiago e reclamou un calendario de execución para estas dúas últimas vías e compromisos efectivos para completar os proxectos.

Miguel Fernández aposta por un proxecto de cidade a dez anos



O portavoz do Grupo Municipal Socialista e candidato do PSOE á Alcaldía de Lugo, Miguel Fernández, traballa nunha proposta de cidade a dez anos vista baixo o nome de Lugo10, unha estratexia coa que pretende definir as prioridades do municipio para a próxima década. O proxecto abrangue cuestións como o acceso á vivenda, a mellora dos servizos públicos, a atención ás persoas dependentes, a mobilidade e a recuperación dos barrios, ademais de incorporar medidas para o desenvolvemento económico, cultural e social. Un dos eixos desta planificación será a vivenda, xunto co reforzo dos servizos públicos e dos recursos destinados aos coidados. Fernández tamén pretende abordar os retos da mobilidade urbana e a conexión entre os distintos espazos da cidade, así como avanzar nun modelo máis sostible desde o punto de vista ambiental. A iniciativa incorpora igualmente o patrimonio, a cultura e o deporte como elementos fundamentais para definir o futuro de Lugo.

A proposta non se limita ao núcleo urbano, senón que reserva un papel específico para o rural. As 54 parroquias do municipio forman parte da estratexia, que busca incorporar as súas necesidades á planificación xeral e evitar que queden á marxe das decisións sobre o desenvolvemento da cidade. Para iso, o PSOE considera necesario coñecer de primeira man as demandas dos distintos territorios e adaptar as actuacións ás características de cada zona.

PROCESO PARTICIPATIVO. A elaboración de Lugo10 está concibida como un proceso participativo no que terán cabida as asociacións veciñais, as entidades sociais, os colectivos culturais e deportivos e os representantes dos sectores empresarial e económico. Fernández iniciou esta dinámica cun encontro que reuniu veciñanza e representantes de diferentes ámbitos da sociedade lucense, e que marcou o comezo dunha rolda de visitas e reunións polos barrios e parroquias. A intención dos socialistas é utilizar estes encontros para explicar as liñas xerais da proposta, escoitar as preocupacións da cidadanía e recoller ideas que permitan completar e concretar o documento. Fernández agradeceu a participación no primeiro acto e destacou o interese das persoas asistentes por trasladar as súas propias visións sobre o futuro do municipio. O alcaldable defende que Lugo precisa unha planificación global que conecte as políticas municipais e permita establecer obxectivos compartidos a medio e longo prazo.

Cuestionan a xestión económica do Goberno local

A concelleira socialista Ana González Abelleira acusa o executivo de Elena Candia de xustificar posibles incumprimentos cun suposto desequilibrio financeiro que, segundo sostén, non se corresponde cos datos oficiais. "Candia ten máis promesas ca recursos para cumprilas", afirmou, ao tempo que lle reclama explicacións sobre os compromisos de gasto adquiridos desde a súa chegada ao goberno.

Un dos principais motivos de preocupación para o PSOE é o destino dos remanentes. A formación calcula que o actual Goberno comprometeu preto de catro millóns de euros en poucos meses para distintos gastos relacionados coa imaxe institucional, a propaganda, as festas e outros compromisos. González Abelleira cuestiona que estas decisións estean acompañadas dunha planificación financeira suficiente.

Néstor Rego reivindicou os avances da súa formación política en Lugo

O deputado do BNG no Congreso, Néstor Rego, defendeu o traballo desenvolvido pola formación nacionalista nas Cortes durante a última lexislatura e reclamou ampliar a súa representación parlamentaria para aumentar a capacidade de decisión sobre as políticas sociais, a vivenda e as infraestruturas de Galicia. Rego reivindicou o "labor permanente e coherente na defensa dos intereses da Galiza e das maiorías sociais" e insistiu en que unha maior presenza do BNG no Congreso permitiría negociar con máis forza medidas que respondan ás necesidades do territorio galego. Rego tamén contrapuxo o papel da formación nacionalista ao das forzas estatais, ás que acusou de antepoñer os seus intereses partidarios aos de Galicia.

Pola súa parte, o portavoz do BNG no Concello de Lugo, Rubén Arroxo, centrou a súa intervención nos avances en materia de comunicacións e infraestruturas. Segundo afirmou, a presenza do Bloque en Madrid permitiu desbloquear proxectos que levaban anos paralizados. Entre os principais logros, destacou o avance na modernización da rede ferroviaria e a finalización da electrificación do treito entre Lugo e Monforte.





CIRCUÍTO DE TEATRO PROFESIONAL 2026

CALENDARIO DE REPRESENTACIÓNS

SETEMBRO

Xoves 3 (Palas de Rei) · **LOIA PRODUCCIÓNS:** ***A boneca de trapo***
Venres 11 (Begonte) · **BÁTEGA TEATRO:** ***Divers@s***
Sábado 12 (Mondoñedo) · **BÁTEGA TEATRO:** ***Divers@s***
Sábado 19 (Meira) · **ÍTACA TEATRO:** ***Achifánfanos***
Domingo 20 (Navia de Suarna) · **ÍTACA TEATRO:** ***Achifánfanos***
Venres 25 (Sarria) · **LÍLÁ TEATRO:** ***Estremonias da Silva***
Sábado 26 (Lugo) · **CIA FRAGA DOS MOUROS:** ***Ciencia malabar***

OUTUBRO

Venres 2 (Bóveda) · **MIRCROMINA TÍTERES:** ***Raio the Loubican***
Domingo 4 (Sarria) · **LÍLÁ TEATRO:** ***Abra da cabra***
Xoves 8 (Guitiriz) · **TRÉCOLA PRODUCIÓNS:** ***Gaela quere ser druída***
Venres 9 (Portomarín) · **LOIA PRODUCIÓNS:** ***A boneca de trapo***
Venres 16 (A Fonsagrada) · **BÁTEGA TEATRO:** ***Divers@s***
Sábado 17 (Guitiriz) · **LOIA PRODUCIÓNS:** ***Cantaruxa Catuxa!***
Luns 19 (Guntín) · **LÍLÁ TEATRO:** ***Estremonias da Silva***
Martes 20 (Palas de Rei) · **LOIA PRODUCIÓNS:** ***A fada do saco verde***
Xoves 22 (Lugo) · **TRÉCOLA PRODUCIÓNS:** ***Pituquito literal***
Venres 23 (Lugo) · **CIA FRAGA DOS MOUROS:** ***Ciencia malabar***
Domingo 25 (Pantón) · **LÍLÁ TEATRO:** ***Estremonias da Silva***
Luns 26 (Monterroso) · **MIRCROMINA TÍTERES:** ***Raio the Loubican***
Martes 27 (Lugo) · **COMPAÑÍA SATORI:** ***Cores do camiño***
Xoves 29 (Ribas de Sil) · **LOIA PRODUCIÓNS:** ***A fada do saco verde***
Venres 30 (Palas de Rei) · **LÍLÁ TEATRO:** ***Estremonias da Silva***
Sábado 31 (A Pastoriza) · **TRÉCOLA PRODUCIÓNS:** ***Gaela quere ser druída***

NOVEMBRO

Venres 6 (Vilalba) · **ÍTACA TEATRO:** ***Instrucións para tomar café***
Sábado 7 (Friol) · **LOIA PRODUCIÓNS:** ***Cantaruxa Catuxa!***
Sábado 7 (As Nogais) · **MIRCROMINA TÍTERES:** ***Raio the Loubican***
Sábado 7 (Cervo) · **ÍTACA TEATRO:** ***Instrucións para tomar café***
Sábado 7 (Guitiriz) · **CIA FRAGA DOS MOUROS:** ***Ciencia malabar***
Domingo 8 (Pantón) · **SEÑOR LÓPEZ PRODUCIÓNS:** ***A vida é un soño (ou case)***
Luns 9 (Taboada) · **LOIA PRODUCIÓNS:** ***A fada do saco verde***
Martes 10 (Sober) · **ÍTACA TEATRO:** ***Instrucións para tomar café***
Mércores 11 (Lugo) · **SEÑOR LÓPEZ PRODUCIÓNS:** ***A vida é un soño (ou case)***
Venres 13 (Lugo) · **LOIA PRODUCIÓNS:** ***A fada do saco verde***
Sábado 14 (O Saviñao) · **LÍLÁ TEATRO:** ***Abra da cabra***
Sábado 14 (Bóveda) · **ÍTACA TEATRO:** ***Achifánfanos***
Domingo 15 (Bóveda) · **SEÑOR LÓPEZ PRODUCIÓNS:** ***A vida é un soño (ou case)***
Domingo 15 (O Vicedo) · **TEATRO DO MIOLO:** ***A redención de Abel***
Venres 20 (Castroverde) · **BÁTEGA TEATRO:** ***Divers@s***
Venres 20 (Castro de Rei) · **LOIA PRODUCIÓNS:** ***A boneca de trapo***
Venres 20 (Foz) · **BENGALA TEATRO FÍSICO:** ***Alicia wants to***
Sábado 21 (O Corgo) · **LÍLÁ TEATRO:** ***Estremonias da Silva***
Luns 23 (Vilalba) · **BÁTEGA TEATRO:** ***Divers@s***
Mércores 25 (Friol) · **LOIA PRODUCIÓNS:** ***A fada do saco verde***
Sábado 28 (O Saviñao) · **BÁTEGA TEATRO:** ***Divers@s***
Sábado 28 (Castroverde) · **LÍLÁ TEATRO:** ***Estremonias da Silva***
Sábado 28 (Meira) · **SEÑOR LÓPEZ PRODUCIÓNS:** ***A vida é un soño (ou case)***
Domingo 29 (Antas de Ulla) · **TRÉCOLA PRODUCIÓNS:** ***Gaela quere ser druída***

DECEMBRO

Xoves 3 (Monforte) · **BENGALA TEATRO FÍSICO:** ***Alicia wants to***
Sábado 5 (O Saviñao) · **COMPAÑÍA SATORI:** ***Cores do camiño***
Domingo 6 (A Fonsagrada) · **LOIA PRODUCIÓNS:** ***Cantaruxa Catuxa!***
Domingo 6 (Antas de Ulla) · **CIA FRAGA DOS MOUROS:** ***Ciencia malabar***
Venres 11 (Lugo) · **MIRCROMINA TÍTERES:** ***Raio the Loubican***
Venres 11 (Vilalba) · **BÁTEGA TEATRO:** ***Divers@s***
Sábado 12 (O Saviñao) · **SEÑOR LÓPEZ PRODUCIÓNS:** ***A vida é un soño (ou case)***
Sábado 12 (Castroverde) · **TRÉCOLA PRODUCIÓNS:** ***Gaela quere ser druída***
Sábado 12 (Viveiro) · **ÍTACA TEATRO:** ***Profetas***
Domingo 13 (Monterroso) · **LOIA PRODUCIÓNS:** ***Cantaruxa Catuxa!***
Domingo 13 (Ribadeo) · **ÍTACA TEATRO:** ***Profetas***
Xoves 17 (Ribas de Sil) · **LOIA PRODUCIÓNS:** ***A boneca de trapo***
Venres 18 (Monterroso) · **CIA FRAGA DOS MOUROS:** ***Ciencia malabar***
Sábado 19 (Láncara) · **LOIA PRODUCIÓNS:** ***A fada do saco verde***
Sábado 19 (O Saviñao) · **MIRCROMINA TÍTERES:** ***Raio the Loubican***
Sábado 19 (Lourenzá) · **SEÑOR LÓPEZ PRODUCIÓNS:** ***A vida é un soño (ou case)***
Domingo 20 (Foz) · **TARABELA CREATIVA:** ***A tarabela ambulante: idea***
Domingo 20 (Begonte) · **MIRCROMINA TÍTERES:** ***Raio the Loubican***
Luns 21 (Guitiriz) · **TARABELA CREATIVA:** ***A tarabela ambulante: idea***
Mércores 23 (O Valadouro) · **BÁTEGA TEATRO:** ***Divers@s***
Mércores 23 (Burela) · **TRÉCOLA PRODUCIÓNS:** ***Gaela quere ser druída***
Sábado 26 (Bóveda) · **LOIA PRODUCIÓNS:** ***A boneca de trapo***
Sábado 26 (A Pontenova) · **TARABELA CREATIVA:** ***A tarabela ambulante: idea***
Sábado 26 (O Saviñao) · **TRÉCOLA PRODUCIÓNS:** ***Pituquito literal***
Sábado 26 (O Corgo) · **CIA FRAGA DOS MOUROS:** ***Ciencia malabar***
Domingo 27 (Foz) · **MIRCROMINA TÍTERES:** ***Peixe fresco***
Domingo 27 (Láncara) · **TARABELA CREATIVA:** ***A tarabela ambulante: idea***
Luns 28 (Quiroga) · **CIA FRAGA DOS MOUROS:** ***Ciencia malabar***
Martes 29 (Barreiros) · **TARABELA CREATIVA:** ***A tarabela ambulante: idea***
Mércores 30 (Burela) · **CIA FRAGA DOS MOUROS:** ***Ciencia malabar***

DEPUTACIÓN DE LUGO Cultura
VICEPRESIDENCIA

Circuito de Teatro Profesional

"É un privilexio representar a España no Mundial de Oratoria e conseguir gañalo"

O lucense proclamouse campión do mundo de oratoria en Colombia tras quedar subcampión en 2024

Jessica Fernández



"É un privilexio ter gañado este Mundial e representar a España. Compartilo con centos de participantes e chegar ata aquí é fantástico". Óscar Rodríguez de Vivero aínda ten presente a dimensión do logro que acaba de conseguir en Cali, en Colombia, onde se proclamou campión do Mundial de Oratoria en Español 2026. O lucense, estudante da Universidade Carlos III de Madrid, conseguiu o título que se lle escapara dous anos antes en Bos Aires, cando rematara como subcampión. Esta vez, ademais de alcanzar de novo a final, impúxose á colombiana Mariángel Solano Mendoza e levou o trofeo para España. Consciente do valor de compartir unha competición con persoas de distintos países unidas pola mesma paixón, a sexta edición do certame reuniu máis de 400 aspirantes de 22 países, nunha experiencia que vai máis alá de falar en público: obriga a construír argumentos, defender ideas e conectar cun auditorio diverso.

Na final, Rodríguez tivo que responder a unha cuestión sobre se viaxar nos converte en cidadáns do mundo ou en turistas da vida allea. Para desenvolver a súa postura, recorreu á imaxe dunha persoa que fotografía unha vendedora de froita sen preguntarlle sequera o nome. "O problema non é mirar. O problema é mirar sen deber nada", defendeu, para distinguir entre visitar un lugar e asumir algunha responsabilidade cara ás persoas que o habitan.

A segunda intervención, de temática libre, levouno a mirar cara atrás e explicar como chegou ata alí. O discurso, titulado "O que dicimos sen pensar", partía dunha experiencia persoal que lle cambiou o rumbo cando tiña 16 anos.

OS COMEZOS NA ORATORIA

Antes de dedicarse á oratoria, Óscar tiña boa parte das súas expectativas postas no baloncesto. Era un xogador con proxección, chegara a ser convocado coa selección española e competía na máxima categoría rexional. Pero unha lesión de xeonllo interrompeu aquela etapa e deixoulle tempo para descubrir outras posibilidades.

No seu colexio estaban a formar un equipo para participar nun torneo de debate. Tres compañeiros precisaban unha cuarta persoa e preguntaron ao profesor a quen podían incorporar. A recomendación foi tan breve como decisiva: "Ese non fala mal".

A frase acabou abríndolle unha porta que non sabía que existía. Óscar participou no seu primeiro torneo e descubriu unha actividade na que podía desenvolver habilidades que ata entón non identificara como propias. Anos despois, converteu aquela anécdota no centro do seu discurso mundial para reflexionar sobre a influencia que poden ter os comentarios cotiáns e sobre as oportunidades que unha frase pode abrir ou pechar.

A comunicación, ademais, formaba parte do seu contorno desde neno. O seu pai, Juan Carlos Rodríguez, traballa en Radio Lugo, polo que Óscar pasou mañás na emisora e medrou rodeado de libros, xornais e actualidade. A súa nai é profesora e o seu avó foi político e escritor. Aínda que en diferentes momentos se interesou polo xornalismo, acabou orientando a súa formación cara ao dobre grao de Economía e Estudos Internacionais.

O recoñecemento internacional non chegou da noite para a mañá. En 2024, ademais do subcampionato mundial, foi distinguido como mellor orador da Liga Española de Debate Universitario. A experiencia daquela final serviu como aprendizaxe para regresar cun obxectivo claro: mellorar e volver competir polo título.

UN PERCORRIDO CON FUTURO

Parte dese percorrido está ligado á Asociación Más Debate, que preside e desde a que traballa para achegar a oratoria e o pensamento crítico ás novas xeracións. Un dos principais proxectos é Lugo Debate, un encontro que reúne cada ano máis de 200 estudantes de ESO, Bacharelato e universidade de distintos puntos de Galicia.

A iniciativa forma parte dunha tradición de debate educativo que medrou grazas á implicación de docentes e estudantes. En Lugo, o traballo de profesores como Manolo Barreiro, dos Maristas, contribuíu a impulsar os primeiros torneos e a estender o interese por esta práctica a outros centros. Hoxe, actividades deste tipo permiten que os mozos aprendan a defender unha idea, escoitar argumentos contrarios e construír unha posición propia.

Para Rodríguez, a oratoria non consiste unicamente en pronunciar un discurso convincente. Tamén axuda a ordenar o pensamento, expresarse con claridade e comprender mellor a quen escoita. "Son capacidades útiles tanto nunha exposición académica como nunha entrevista de traballo, nunha negociación ou na presentación dun proxecto profesional". E, aínda que hai persoas que parecen ter unha facilidade natural para falar en público, considera que estas habilidades se poden traballar coa preparación, a práctica e as correccións de xuíces e mentores. Coñecer a estrutura dun argumento, organizar unha intervención e aprender a utilizar a voz e a linguaxe corporal forman parte dese proceso.

"A oratoria non consiste só en pronunciar un discurso convincente; axuda a ordenar o pensamento, expresarse con claridade e comprender mellor"

O título mundial engádese así a unha traxectoria que Rodríguez quere seguir desenvolvendo dentro e fóra da competición. Na actualidade, forma persoas en diferentes universidades e colexios maiores, imparte formación en debate e oratoria e asesora directivos de empresas en cuestións relacionadas coa comunicación.

Os seus intereses profesionais tamén pasan pola banca e as finanzas, así como pola diplomacia e a cooperación internacional, ámbitos vinculados aos estudos que cursa. Sexa cal sexa o camiño que escolla, a intención é manter a formación en comunicación como parte da súa actividade.

Agora, coa vitoria en Colombia, Rodríguez suma un novo capítulo a unha historia que comezou case por casualidade e que continúa coa mesma idea: aprender a comunicar mellor e axudar a que outras persoas tamén o fagan.



A Sociedade Micolóxica Lucus celebra o seu 25º aniversario



A Sociedade Micolóxica Lucus, no marco da celebración do seu 25º aniversario, organiza o ciclo de conferencias 'Micoloxía e Natureza', unha iniciativa aberta á cidadanía que achegará a Lugo voces de referencia, mesmo a nivel mundial, na investigación, conservación e divulgación da natureza en xeral e da micoloxía en particular.

O ciclo ofrece unha oportunidade para afondar na importancia do respecto á natureza, na conservación da biodiversidade e nos efectos do cambio climático, a través de distintas conferencias impartidas por especialistas en bioloxía, botánica e conservación dos fungos. Todas as actividades serán de entrada libre e gratuíta ata completar aforo.

A Sociedade Micolóxica Lucus organiza este ciclo co apoio e a colaboración da Deputación de Lugo, a Reserva da Biosfera Terras do Miño, a parroquia de San Froilán, a Universidade de Santiago de Compostela (USC) e o Campus Terra.

A primeira xornada tivo lugar o venres 30 de outubro de 2026. A segunda cita terá lugar o luns 16 de novembro de 2026, ás 20.30 horas, no Salón Parroquial de San Froilán. Nesta ocasión, Julio de Jesús Mena Portales, doutor en Ciencias Biolóxicas e presidente do Grupo para a Conservación dos Fungos en América Latina e o Caribe, impartirá a conferencia 'Atisbando o fascinante mundo dos fungos microscópicos'. O relator é tamén membro da Sociedade Micolóxica Lucus.

O ciclo concluirá o sábado 12 de decembro de 2026, ás 19.00 horas, no Pazo de San Marcos, cunha conferencia centrada na protección dos fungos e nos compromisos ambientais. Baixo o título 'A conservación dos fungos: un impulso para que España cumpra os seus compromisos ambientais', David W. Minter, doutor en Patoloxía Forestal e presidente da Sociedade Internacional para a Conservación dos Fungos (ISFC), analizará a importancia da conservación fúnxica. Minter é, ademais, presidente emérito dun grupo de especialistas en fungos da Unión Internacional para a Conservación da Natureza (UICN) e investigador principal de CAB International.

A Asociación de Veciños Porta reclama un local social no Sagrado Corazón



A Asociación de Veciños Porta do Sagrado Corazón, reclama a cesión dun local social no que poder desenvolver as súas actividades e atender as demandas da veciñanza. A entidade considera que contar cun espazo propio é fundamental para reforzar a vida comunitaria e facilitar a participación dos residentes.

A asociación sinala que carece actualmente dun lugar axeitado para reunirse e organizar iniciativas. O local permitiría crear un punto de encontro para persoas de diferentes idades, compartir preocupacións e fortalecer as relacións sociais no barrio.

A nova Xunta Directiva preparou un programa de actividades que inclúe obradoiros formativos, charlas informativas, propostas lúdicas para a infancia e a mocidade, iniciativas de envellecemento activo para as persoas maiores e reunións veciñais. Porén, a falta dun espazo físico impide, polo momento, poñer en marcha estas propostas.

Desde Porta de Lugo apuntan que existen no barrio varios inmobles de titularidade municipal que permanecen baleiros e sen un uso asignado. Por iso, propoñen que se estude a posibilidade de destinar algún deles á actividade asociativa.



Esixen unha actuación na Avenida da Coruña

A Asociación de Veciños, Comerciantes e Industriais de A Milagrosa e a Asociación Cidadá Agra dos Castros denuncian a falta de solucións a un problema que afecta á circulación nunha das vías de maior tránsito da cidade. Ambas sinalan unha fochanca de grandes dimensións situada á altura do número 255, que leva máis de cinco meses sen ser reparada e que empeorou co paso do tempo debido á intensidade do tráfico. Segundo advirten, o estado do firme provoca impactos nos amortecedores e danos nos vehículos, ademais de obrigar os condutores a realizar manobras bruscas para esquivar o socavón.

A Asociación Cidadá Agra dos Castros asegura que xa presentou un requirimento formal ao Concello hai máis dun mes para reclamar unha solución. O colectivo agradece a intervención da Policía Local, que colocou cintas preventivas para advertir do perigo e evitar accidentes. Segundo explica, os axentes tamén tiveron que acudir en varias ocasións para recolocar os sinais provisionais que caeran ao chan.

Ambas as entidades consideran que a situación require unha intervención inmediata para evitar que o deterioro continúe avanzando e que se produza un accidente grave.

A falta de reparación afecta tanto á veciñanza como ás persoas que utilizan a avenida para desprazarse ao traballo ou acceder aos establecementos comerciais da zona. Por iso, insisten en que a Avenida da Coruña precisa un arranxo inmediato e definitivo dos socavóns e advirte de que a veciñanza e o comercio da zona norte non poden seguir agardando.

A Asociación de Veciños, Comerciantes e Industriais de A Milagrosa volve esixir á Concellería de Vías e Obras que actúe canto antes e lembra que, dada a importancia da avenida para a mobilidade urbana, debería terse realizado polo menos unha reparación provisional. O colectivo considera que a cidadanía non debe asumir os custos dos posibles danos nos vehículos nin os riscos derivados do mal estado da vía.



O Concurso de Tapas de Lugo volve con 37 propostas gastronómicas



O XXI Concurso de Tapas de Lugo celebrarase do 6 ao 22 de novembro coa participación de 37 establecementos hostaleiros, nunha iniciativa organizada pola Asociación Provincial de Empresarios de Hostalaría de Lugo (APEHL) co patrocinio do Concello. O certame busca promover a gastronomía local, dar visibilidade á creatividade dos profesionais e dinamizar a actividade do sector.

Durante as dúas semanas de concurso, a clientela poderá degustar as elaboracións dos locais participantes e votar polas súas favoritas. O reconto realizarase o luns 23 de novembro e permitirá seleccionar as doce tapas máis votadas, que pasarán á final. Ademais, un xurado técnico escollerá a proposta que representará Lugo nun concurso de ámbito nacional.

A relación de participantes inclúe 3 Pés, Anda, Ave César, Bulló Xantar, Calibre 2.7, Coco's Bar, Desnivel Tapas e Copas, Eduri, El Dotmas Bar, Facela Bar, Galo, Glam Taoo Hotel Apartamento Boutique, Gran Café–Eurostars Gran Hotel Lugo, Hotel Mercure Lugo, Irmandiños, Karrusel, La Competencia, La Cosechera de 1977, La Pepita Lugo, La Perdiz, La Terraza del Méndez, Las Cinco Vigas, Malizzia Street Food, Mesón El Castillo, O Castor, O Cincuenta e Seis, O Figón, O Mercado, Orixe do Campo, Paprica, Prebe by Bret, Pulpería O Castelo, Taberna Terra, Tapería O Peque, The Real Coffee, Toni Portela e Tosar by Boni.

A presentación do concurso contou coa presenza de representantes do Goberno local e da APEHL, entre eles o presidente da asociación, Cheché Real, e o vicepresidente, José Manuel Cela. A iniciativa pretende reforzar a colaboración co sector hostaleiro e converter a gastronomía nun atractivo para a veciñanza e as persoas que visitan a cidade.

Constituída a primeira Mesa de Coordinación Policial de Lugo



O Concello de Lugo constituíu a primeira Mesa de Coordinación Policial prevista no protocolo de colaboración entre as Forzas e Corpos de Seguridade do Estado e a Policía Local para a protección das vítimas de violencia de xénero, no marco do sistema Viogén. A iniciativa busca mellorar a coordinación entre os distintos servizos implicados e favorecer unha atención adaptada ás necesidades de cada caso.

Durante o encontro, acordouse convocar unha nova reunión a principios de 2027 e incorporar á mesa a Policía Autonómica e representantes do Centro de Información á Muller (CIM).

Ademais, propúxose crear mesas intersectoriais nas que participen os servizos sociais, co obxectivo de reforzar a colaboración entre os profesionais que interveñen na atención ás vítimas. A constitución deste órgano dá cumprimento ao apartado dedicado aos órganos de coordinación do protocolo promovido pola Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP) e o Ministerio do Interior, asinado o 13 de marzo de 2006. No caso de Lugo, a adhesión municipal a este protocolo formalizouse o 5 de maio de 2025. Coa posta en marcha da mesa, o Concello busca avanzar na coordinación policial e institucional para ofrecer unha protección máis eficaz ás vítimas de violencia de xénero.

O científico Armando Durán foi homenaxeado

Os fillos de Armando Durán Miranda foron recibidos no Concello de Lugo con motivo do 25 aniversario do falecemento do destacado científico lucense, nado en Lugo en 1913 e falecido en 2001.

O encontro enmarcouse nos actos de lembranza celebrados este Día dos Defuntos no cemiterio de San Froilán, onde tivo lugar unha homenaxe con ofrenda floral.

Durán foi catedrático de Óptica na Universidade Complutense de Madrid e membro da Real Academia de Ciencias Exactas, Físicas e Naturais.

A súa traxectoria estivo marcada polo compromiso de poñer o coñecemento ao servizo do ben común e tamén contribuíu ao impulso da Escola de Comercio. Durante a recepción, os seus fillos entregaron ao Concello un libro sobre a súa vida e obra.

Candia agradeceu á familia a xenerosidade ao longo dos anos, especialmente coa cesión gratuíta ao Concello do mausoleo familiar en marzo de 2012, cumprindo así a vontade do científico. A construción, de estilo neogótico e procedente do antigo cemiterio de Magoi, data do século XIX e é unha das pezas funerarias máis singulares do cemiterio de San Froilán.

Manuel Pena, de Reino Animal: “Poder despedir unha mascota reconforta ás familias”

O crematorio e tanatorio para mascotas Reino Animal é o único da provincia de Lugo

Jessica Fernández

Como xorde a posta en marcha de Reino Animal?

Xorde porque non había ningún tanatorio de mascotas en Lugo, algo que xa ten unha forte implantación en case toda España. A Galicia chegou primeiro ás grandes cidades, A Coruña e Vigo, e nós fomos o cuarto de Galicia, en Lugo. Era unha necesidade, xa que hai unha proporción moi grande entre o número de habitantes e o número de mascotas na provincia, polo que decidimos poñelo en marcha en 2024. Fomos coñecendo pouco a pouco o mundiño e evolucionamos á vez que a xente decidía acudir a nós.

Que servizo se ofrece?

Como en calquera tanatorio, hai unha sala de despedidas, onde se expón o animal e na que se dedica un tempo a que a familia poida despedirse antes de levalo a incinerar. Hai xente á que lle consola darlle o último adeus, porque pode ser que unha mascota morrese en Lugo, pero que un membro da familia non viva aquí e non puidese despedirse, polo que aquí pode facelo. Entón ofréceselles esa posibilidade e é unha forma de darlles certo consolo ás familias. E ademais diso, temos o servizo de crematorio. Polo que, despois da despedida, procédese á incineración, que pode ser individual ou colectiva. Na individual incinérase o animal só, igual que pasa cos humanos, recóllense os seus restos, prepárase unha urna e faise un recordo para todo o mundo da pegada, que se estampa en arxila e se pon un marco co seu nome para que teñan un



bonito recordo da súa patiña. Tanto a despedida, para quen a queira facer, como a urna modelo básico e a pegada están incluídas no servizo básico de incineración individual. Despois, ademais, temos unha infinidade de produtos funerarios que aumentan o prezo segundo desexe quen contrata o servizo. Con respecto á incineración colectiva, é moito máis económica, non hai devolución de cinzas, porque se incinera xunto con outros animais. O detalle da pegada estampada pódese facer, pero cóbrase á parte. E tanto un servizo como o outro inclúe a recollida do cadáver, ben no domicilio, ben na clínica veterinaria ou onde sexa. Con respecto á entrega das cinzas, realízase onde se fixo a recollida sen custo adicional, sempre e cando sexa en Lugo e municipios limítrofes. Tamén facemos servizos arredor de Galicia, en Asturias, Castela e León... pero ten un sobrecusto.

Cales son as tarifas?

O servizo individual, con animais de 0 a 5 quilos, porque isto vai por quilos, estaría por debaixo dos 200 euros. Se é un animal de máis de 50 quilos, o prezo serían 290 euros, con todo o servizo. E, no caso das colectivas, van desde 45 ata 95 euros. Realmente, é asumible e a xente descoñece o que é o servizo completo, pero hai un traballo detrás para quen o necesita, como facer a despedida, na que temos que preparar a sala, exponse o animal detrás dun cristal e recibimos a xente durante o tempo que necesiten para despedirse. Ademais, aínda que haxa xente que prefira traer o animal polos seus medios e despois recoller as cinzas, hai quen demanda un servizo completo. Ademais, para quen o necesite, temos o servizo de urxencias, as 24 horas, os 365 días do ano, xa que ás veces morren as súas mascotas ás 3 da madrugada e ao día seguinte teñen que ir traballar e non poden xustificalo e non saben que facer. Chámanos e imos a calquera hora. Evidentemente, o servizo de urxencias ten un custo engadido, o mesmo que en domingo ou nun festivo.

Que valor ten para o dono dunha mascota poder despedirse?

Moitísimo. Ofrecemos un servizo de auxilio espiritual, sen ter nada que ver con ningún tipo de relixión, pero que axuda a dar o primeiro paso para superalo. Ver que a túa mascota, que ás veces é o que máis queremos nas nosas casas, marcha e poder despedirte dela dá tranquilidade ás familias e fai que se sintan un pouco máis reconfortadas; polo que nós ofrecemos un espazo onde facelo. É un traballo que non se ve, que non é tanxible, pero é unha parte moi importante do noso traballo e dálle moito sentido a un tanatorio de mascotas, que non é só incinerar mascotas, é todo o que as rodea.

Hai moitos que aínda non coñecen este servizo ou que o coñecen, pero o infravaloran.

A xente descoñéceo, pero coa Lei de Benestar Animal de 2023 non se poden enterrar mascotas, nin nunha propiedade nin en ningún sitio, a menos que se comunique á Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia onde se indique o lugar de enterramento xunto cun certificado do veterinario no que se expoña que o animal non morreu dunha enfermidade infecciosa ou contaxiosa, porque nese caso sería obrigatoria a incineración do animal, debido á posible contaminación do solo e/ou da auga. Ese requisito ninguén o cumpre e despois veñen as sancións, porque cando morre un can hai que darlle de baixa o microchip e, para iso, o veterinario ten que achegar un documento no que certificamos que o animal vai ser incinerado. En Lugo, ademais, cando poñan en funcionamento o cemiterio de mascotas, que non é para enterrar, senón para visitar as urnas coas cinzas dos animais, tamén teremos un espazo no que visitar as nosas mascotas falecidas.



As Carballeiras reclama ao Concello de Lugo que reactive a Fonte do Rei



A Asociación Veciñal As Carballeiras reclama ao Concello de Lugo que complete canto antes a reparación da fonte do Rei, que continúa sen funcionar un mes despois do inicio dos traballos. A entidade lembra que o Goberno local anunciara unha intervención coa que se pretendía recuperar o funcionamento deste elemento ornamental.

Desde a asociación consideran que a fonte xa debería estar en condicións de volver prestar servizo, ao tratarse dunha estrutura destacada na entrada sur da cidade. A súa recuperación permitiría, segundo sinalan, "mellorar a imaxe do principal acceso ao casco histórico pola zona sur".

As Carballeiras pide, polo tanto, axilizar as tarefas pendentes para que a instalación volva funcionar no menor tempo posible. Ademais, reclama que se estableza un sistema de mantemento periódico que permita conservar este tipo de espazos e anticiparse a posibles avarías.

A entidade advirte de que a falta de revisións regulares pode provocar que pequenas incidencias acaben derivando nun deterioro maior das instalacións, o que dificulta o seu uso e goce por parte da veciñanza.

Analizan as achegas da ordenanza contra o ruído

O Concello de Lugo pechou a consulta pública previa para actualizar a Ordenanza de Contaminación Acústica, un trámite no que recibiu un total de sete achegas de distintos sectores da cidade. O proceso busca recoller opinións e suxestións para avanzar na elaboración do novo texto, co obxectivo de adaptar a normativa á realidade actual do municipio. A ordenanza vixente data de 1997, polo que a súa actualización pretende reforzar a protección da saúde e do descanso da veciñanza, ao tempo que ofrece seguridade xurídica ás actividades económicas e culturais.

Entre as propostas figura a adaptación das medidas ás características de Lugo mediante estudos técnicos, mapas de ruído e unha delimitación das zonas acústicas que teña en conta os espazos residenciais e as áreas con maior concentración de actividades.

As celebracións ao aire libre e o funcionamento das terrazas son outros dos ámbitos nos que se apunta á necesidade de compatibilizar a actividade social e económica co dereito ao descanso.

A hostalaría e o ocio ocupan igualmente un lugar destacado, con propostas sobre o illamento acústico, as condicións dos locais, os vestíbulos de acceso e as posibles limitacións das actividades e como reforzar a protección fronte ao ruído sen establecer restricións xeneralizadas que poidan dificultar a apertura ou a continuidade dos negocios.

Outro dos ámbitos abordados é o dos sistemas de medición, inspección e control do ruído.

Tamén se formulan cuestións relacionadas co ruído das instalacións de climatización e ventilación, as actividades deportivas e comerciais, os vehículos, a carga e descarga de mercadorías e as instalacións industriais. A convivencia na vía pública e a delimitación das responsabilidades dos titulares das actividades e da Administración municipal completan os asuntos tratados.

Por outra banda, as achegas apuntan á importancia de establecer criterios para aplicar as medidas correctoras e o réxime sancionador.

O Concello analiza as achegas para avanzar na elaboración dunha nova ordenanza acústica actualizada.

O HULA celebra o Día das Persoas Coidadoras o día 5

O Hospital Universitario Lucus Augusti acolle o 5 de novembro de 2026 o Día das Persoas Coidadoras, unha xornada multidisciplinar organizada pola Área Sanitaria de Lugo, A Mariña e Monforte e o Servizo de Xeriatría, baixo o lema "Coidando a quen coida".

A iniciativa nace co obxectivo de recoñecer o labor das persoas que coidan cada día de familiares e persoas en situación de dependencia, moitas veces cun importante esforzo físico e emocional. A xornada pretende ofrecerlles un espazo de encontro, aprendizaxe e reflexión, ao tempo que promove unha atención máis humana e coordinada.

O programa abordará os coidados das persoas con demencia, ofrecendo orientación sobre as necesidades específicas deste colectivo e a atención que require.

Tamén se falará sobre o manexo dos coidados básicos, con especial atención ás mobilizacións, as transferencias e a alimentación; e sobre os aspectos emocionais de converterse en persoa coidadora.

Finalmente, tratarse a planificación compartida dos coidados, os apoios e as ferramentas dispoñibles.



Demandan ao Concello 400.000 euros para orzamentos participativos



A Federación de Asociacións Veciñais de Lugo Lucus Augusti solicita ao Concello de Lugo que incorpore orzamentos participativos ás contas municipais de 2027 e reserve unha partida de 400.000 euros para executar propostas da cidadanía. A organización defende que este mecanismo permitiría dar máis protagonismo ao tecido asociativo na planificación dos investimentos e reforzar a participación veciñal nas decisións municipais. A petición propón recoller iniciativas de asociacións veciñais, culturais, empresariais e sociais, especialmente para o capítulo 6, correspondente aos investimentos. A federación considera que esta fórmula contribuiría a complementar a democracia representativa con mecanismos de participación directa, de xeito que a cidadanía poida intervir na xestión municipal máis alá das eleccións.

A proposta de Lucus Augusti contempla un procedemento dividido en tres fases. En primeiro lugar, o Concello recollería as demandas, ideas e proxectos formulados polas entidades cidadás. Despois, os técnicos municipais calcularían o custo de cada iniciativa e, finalmente, estableceríanse por consenso os criterios e as prioridades para seleccionar aquelas propostas que conten cun maior apoio social.

A federación lembra que os orzamentos participativos se implantaron en diferentes municipios españois e galegos. Entre os exemplos que cita figuran A Coruña, Fene, Oleiros, Santiago, Ames, Carballo e Vilagarcía. Tamén sinala que a Deputación de Lugo foi pioneira no impulso deste tipo de iniciativas na provincia e que durante anteriores mandatos municipais, con gobernos encabezados por José López Orozco e Lara Méndez, se desenvolveron experiencias de participación orzamentaria.

A entidade pon como referencia o modelo da Coruña, onde, segundo os datos achegados pola federación, se recibiron 100 propostas de investimento cidadán en 2026 e se destinan tres millóns de euros anuais a este tipo de iniciativas.

De cara a 2027, Lucus Augusti reclama que o orzamento de investimentos inclúa unha dotación específica de 400.000 euros para desenvolver proxectos propostos polos lucenses

O XXXVI Festival de Jazz de Lugo traerá artistas internacionais

A XXXVI edición do Festival de Jazz de Lugo, organizada pola Asociación de Amigos do Jazz Escobijazz, terá lugar do 4 ao 14 de novembro cun total de 22 actuacións repartidas entre o propio Círculo das Artes, o Auditorio Fuxan os Ventos, a Casa do Saber e o Club Clavicémbalo. O certame, que se celebra de forma ininterrompida dende 1991, converténdose nun dos principais fitos culturais de Lugo, volverá converter a cidade nun punto de encontro para artistas locais, nacionais e internacionais.



O programa reunirá algúns dos nomes máis recoñecidos do cartel. James Carter actuará o 5 de novembro, seguido de Jogo de Damas o día 6, un concerto patrocinado pola Deputación de Lugo, e de Takuya Kuroda Quintet o día 7. A programación continuará o 12 de novembro con Patricia Brennan Septet, mentres que o día 13 subirán ao escenario Erik Truffaz e Antonio Lizana. O festival pechará neste espazo o 14 de novembro coa actuación de Clarence Bekker Band.

Pola súa banda, o Auditorio Fuxan os Ventos acollerá outras tres citas. Paquito D'Rivera actuará o 4 de novembro, Abe Rábade ofrecerá o seu concerto o día 8, patrocinado polo Concello de Lugo, e Kenny Barron Trio será protagonista da xornada do 11 de novembro.

No Club Clavicémbalo, as actuacións comezarán o mércores 4 de novembro, ás 22.30 horas, con Swing Titans, procedentes de Galicia. O xoves 5, á mesma hora, será a quenda dunha sesión de jazz organizada por FACELA.

O venres 6, ás 22.30 horas, actuará Mörraja$$, e ás 23.45 horas subirá ao escenario Irati Bilbao Sextet. A programación do sábado 7 abrirase ás 22.30 horas con Do Like Sco, e continuará ás 23.45 horas con Mario Morla Quintet. O mércores 11, ás 22.30 horas, o club acollerá a actuación de Luis Nacht, Jeff Williams e Demian Cabaud. O xoves 12, tamén ás 22.30 horas, Abe Rábade Trío actuará xunto a Ariel Bríguez, nunha proposta que une músicos de Galicia e Cuba e que forma parte da programación de EnRuta Jazz. Ese mesmo día, a Casa do Saber de Lugo contará coa actuación de Mariola Membrives Trio. O venres 13, ás 22.30 horas, chegará a quenda de Andrés Coll Cosmic Trío, un concerto incluído tamén no circuíto EnRuta Jazz. Xa ás 23.45 horas, o Club Clavicémbalo recibirá a Víctor Antón's Barney Kessel Tribute Quintet. A programación rematará o sábado 14 con dous concertos: Javier Vercher Cuarteto, de Madrid, ás 22.30 horas, e Cachas & Cousins, de Galicia, ás 23.45 horas.

O Festival FaCeLa Fest regresa a Lugo do 5 ao 9 de maio de 2027



O FaCeLa Fest xa ten datas para a súa próxima edición. O festival de música independente de Lugo celebrarase os días 5, 6, 7, 8 e 9 de maio de 2027, nunha nova convocatoria coa que buscará manter a súa aposta pola música de autor e por unha selección coidada de bandas.

Definido como un festival de autor, o FaCeLa Fest distingue a súa proposta pola calidade dos grupos participantes e pola vontade de ofrecer unha programación diferenciada respecto doutros eventos musicais. O cartel e as localizacións da edición de 2027 aínda están por confirmar, pero a organización confía en volver contar cunha ampla resposta do público lucense.

Na edición de 2026, o festival reuniu un total de 18 bandas, encabezadas polos británicos Temples, os galegos Triángulo de Amor Bizarro, os asturianos Australian Blonde e o grupo madrileño Shego. A programación completouse con The Foolans, un novo proxecto nacido en Lugo, ademais de Bernal, Axolotes Mexicanos, Los Palms, Pacífica, Ripship, Error 97, Sigilu, Filophóbicas, Toldos Verdes, Las Yhadys, Aeronave Adolescente, Fotocopia e Sapo Bufo.

Unha das novidades daquela edición foi o traslado do escenario principal á Sala Tebras. O festival mantivo tamén actuacións noutros espazos da cidade, entre eles o Bar Facela, situado no barrio da Tinería, reforzando así a presenza da música en directo en diferentes puntos de Lugo.

Coa vista posta en maio de 2027, o FaCeLa Fest prepara unha nova edición coa que pretende consolidar a súa identidade dentro da escena musical independente e repetir a participación rexistrada en convocatorias anteriores.

A nova exposición 'Cores do mundo' poderá visitarse ata decembro

A diversidade paisaxística e cultural do planeta protagoniza a nova exposición ao aire libre na contorna do Cuartel de San Fernando de Lugo. Baixo o título 'Cores do mundo', a proposta reúne 42 fotografías que convidan a descubrir diferentes recunchos da Terra e achegarse ás súas tradicións e formas de vida. A iniciativa está promovida pola Fundación "la Caixa" en colaboración co Concello de Lugo e permanecerá aberta ata o 11 de decembro.

A mostra parte da idea de que, fronte aos tons grises e metalizados habituais na contorna urbana, o planeta ofrece unha extraordinaria variedade de cores. A través de imaxes, os visitantes poderán percorrer paisaxes e culturas de distintos puntos do mundo sen saír da cidade.





ShoHai levará o seu rap á Sala Tebras o día 14



A Sala Tebras de Lugo recibirá o sábado 14 de novembro ás 21.30 horas a ShoHai, que regresa aos escenarios cunha nova xira en solitario na que presenta o seu último traballo e repasa os principais temas da súa traxectoria. O rapero ofrecerá un espectáculo de máis de 90 minutos no que combinará cancións dos seus catro discos en solitario con algunhas das pezas máis recoñecidas da súa etapa en Violadores del Verso, o grupo co que marcou unha época no hip-hop español.

A proposta destaca pola intensidade e a enerxía dos directos de ShoHai, que converte cada actuación nunha celebración do rap e nunha oportunidade para conectar co público a través das súas letras e do seu estilo característico.

A filosofía do artista resume o espírito destes concertos nunha das súas expresións máis coñecidas: "Paz y amor con hielo".

Iván Ferreiro traerá a Lugo 'Trinchera pop' o 13 de novembro



O Pazo de Feiras e Congresos de Lugo recibirá o venres 13 de novembro a Iván Ferreiro, que volverá atoparse co público lucense nun concerto incluído na programación dos Concertos do Xacobeo.

O artista de Nigrán presentará os temas de "Trinchera pop", o seu traballo de estudo máis recente, nunha actuación que contará tamén con Querido como grupo convidado.

A cita reunirá diferentes etapas da traxectoria dun dos nomes destacados do pop de autor en España. Tras liderar Los Piratas, Ferreiro iniciou en 2005 a súa carreira en solitario con "Canciones para el tiempo y la distancia", disco no que se incluía "Turnedo". Desde entón, construíu un repertorio que abrangue traballos como "Mentiroso mentiroso" e "Casa", marcado pola experimentación sonora e as letras introspectivas.

O concerto xirará arredor de "Trinchera pop", un álbum que explora novas posibilidades sonoras e que recibiu unha boa acollida da crítica e dos seguidores do músico. Para trasladar estas cancións ao directo, Ferreiro estará acompañado por Pablo Novoa, Ricky Falkner, Sergio M. Puga, Emilio Saiz e o seu irmán Amaro Ferreiro.

A programación completarase coa actuación de Querido, o proxecto liderado por Andrés Ferreiro, que achegará a súa proposta á noite musical lucense.

O concerto está organizado no marco dos Concertos do Xacobeo, co apoio da Xunta de Galicia, Galicia Calidade e o programa Xuventude.

Teatro, maxia e danza nos últimos meses do ano

O Auditorio Municipal Gustavo Freire de Lugo continuará durante novembro e decembro coa programación de teatro, maxia e danza impulsada polo Concello, que inclúe funcións para público familiar e adulto. As próximas citas para este público serán o 8 de novembro con 'Teatro dos Vieiros', de Xoán Curiel e Charo Pita, e o 22 de novembro con 'Únicos', da compañía Da-te danza, recoñecido co premio FETEN 2026 ao mellor espectáculo de danza. Todas as funcións familiares están programadas para as 18:30 horas.

No apartado destinado ao público adulto, a programación comezou o 22 de outubro con 'O meu pai naceu o mesmo ano que Mick Jagger', de Tarabela Creativa. A seguinte proposta será 'O sangue das promesas', de Sarabela, prevista para o 5 de novembro. O 19 de novembro chegará 'Crónica do rei pasmado', de Contraproducións, mentres que o 3 de decembro será a quenda de 'Black Box, unha saga épica', de Hugo Torres. A danza tamén terá o seu espazo coa representación de 'Transparentar', da compañía Enésima, prevista para o 13 de novembro.

O Galeguía reunirá voces de Galicia, Portugal, Brasil e Cabo Verde

Lugo acollerá do 13 ao 15 de novembro o I Encontro Artístico de Canto de Mulleres Galeguía, unha proposta cultural que converterá o canto popular nun espazo de intercambio artístico, político e relacional entre mulleres de Galicia, Portugal, Brasil e Cabo Verde.

O proxecto está promovido pola Vicepresidencia da Deputación de Lugo e producido por Nordesía Producións, baixo a coordinación de Neves Núñez Delgado. A iniciativa contará coa participación de artistas e investigadoras especializadas no canto comunitario e na música tradicional, entre elas Vânia Couto, mestra do Coro das Mulheres da Fábrica, Ugía Pedreira e as integrantes do grupo de cantareiras Erikas e Peluxías.

O programa desenvolverase principalmente os días 13 e 14 no Pazo de San Marcos e no auditorio da Facultade de Veterinaria, con actividades abertas tanto a profesionais da cultura como ao público xeral. A programación combinará palestras sobre diferentes tradicións musicais con obradoiros prácticos de canto colectivo, batuko, adufe e pandeireta.

As persoas que queiran participar nos obradoiros e nas actividades deberán inscribirse a través do formulario dispoñible nas redes sociais do proxecto, en @galeguiacanto, e na web cultura.deputacionlugo.gal.

O BNG propón o Cuartel vello como Museo da historia galaico-romana

O BNG de Lugo defende o Cuartel de San Fernando como espazo museístico dedicado á historia galaico-romana e cualifica como "preocupante" o anuncio do Concello e da Xunta de trasladar os achados arqueolóxicos recuperados na contorna da cidade á Domus do Mitreo.

O BNG reclama á Corporación municipal un posicionamento claro para defender este espazo, destacando o seu valor como peza singular do patrimonio histórico de Lugo. "O Cuartel de San Fernando ten que deixar de ser un símbolo do abandono institucional e pasar a ser un espazo referencial para toda Galicia", apuntou Arroxo.

APARTAMENTO AVENIDA DE A CORUÑA, 40



Hasta enero de 2027 posibilidad de comprarlo en el estado actual, previo a la reforma, para modificarlo y decorarlo a gusto del cliente.

Precio de compra en estado actual: 130.000 €

Se vende vivienda en el centro de la ciudad

180.000 €

En la actualidad está como oficina. Cuenta con proyecto y licencia de cambio de uso a vivienda aprobado.

Precio llave en mano completamente reformada y amueblada para entrar a vivir con altas calidades.

Teléfono 661 464 323

A Sociedade Filharmónica ofrece 15 concertos no Círculo das Artes



A Sociedade Filarmónica de Lugo programa 15 actuacións no Círculo das Artes, todas ás 20.00 horas, como parte da súa tempada de concertos 2026-2027 Círculo das Artes entre outubro e maio.

A nova programación coincide coa preparación do 80 aniversario da entidade, que ofrece concertos de maneira ininterrompida desde 1947. Ao longo da súa traxectoria, a Sociedade Filarmónica de Lugo organizou máis de 765 actuacións con músicos e formacións de referencia internacional.

O ciclo arrancou o 28 de outubro coa Camerata da Orquestra Sinfónica de Galicia (OSG), dirixida por Wladimir Rosinskij e entre as principais citas destacan as actuacións da Real Filharmonía de Galicia, que ofrecerá dous concertos, o 4 de decembro e o 6 de maio, baixo a dirección de Sergey Malov e Jeannette Sorrell, respectivamente.

A programación incluirá tamén a Orquestra da Fundación Filarmónica de Oviedo, o 30 de xaneiro, xunto ao violonchelista armenio Alexander Chaushian, e a Orquestra Sinfónica Vigo 430, dirixida por José Luis López Antón, o 13 de marzo.

A música de cámara terá un papel destacado coa volta do Cuarteto Gerhard ao Círculo das Artes o 19 de decembro. A agrupación continuará co ciclo dedicado aos últimos cuartetos de Beethoven, tras a boa acollida da súa anterior visita.

O 14 de xaneiro será a quenda do Cuarteto Opus X, que acompañará ao pianista e compositor compostelán Octavio Vázquez na interpretación do seu Quinteto para corda e piano, xunto a obras de Beethoven e Shostakóvich.

A programación tamén reservará un espazo para a música antiga o 26 de febreiro, cun cuarteto formado por Giulio Mercati, ao clave; Gian Andrea Guerra, ao violín; Sara Ruiz, á viola de gamba; e Rafael Muñoz, á arquilaúde. O repertorio incluirá composicións de Dietrich Buxtehude e Jean-Philippe Rameau.

O piano será protagonista de tres recitais. Judith Jáuregui actuará o 20 de novembro; Ana Huerta, o 9 de xaneiro; e o brasileiro Estefan Iatcekiw, que actuará o 24 de abril.

A canción de concerto terá dúas citas destacadas. A mezzosoprano lucense Julia Portela Piñón, acompañada ao piano por Luis Monsalve, actuará o 6 de marzo. Pola súa banda, o barítono alemán Bruno Meichsner e o pianista Daniel Prinz protagonizarán o concerto do 16 de abril, dentro do programa europeo Lied The Future, impulsado pola Asociación Franz Schubert para apoiar novos talentos na canción poética e na música de cámara.

A programación reservará tamén un espazo para os músicos locais coa sección Filharmónica Km. 0. O 3 de abril actuará a saxofonista Violeta Fraga Sal, primeiro premio da última edición do Concurso de Interpretación Musical Xosé Castiñeira do Conservatorio Profesional de Música Xoán Montes de Lugo. A intérprete ofrecerá un concerto como solista e participará tamén nunha actuación cun grupo de cámara integrado por músicos lucenses.

A Banda Filharmónica de Lugo completará esta aposta pola música da cidade cun concerto o 25 de abril, no que destaca unha obra para cuarteto de clarinetes e banda sinfónica.

As entradas para concertos individuais destinadas ao público non asociado estarán dispoñibles o mesmo día de cada actuación nas oficinas do Círculo das Artes. Ademais, haberá prezos moi reducidos para estudantes e entrada gratuíta para menores de idade e estudantes do Conservatorio.

A Biblioteca Isidro Novo acolle actividades infantís e un club de lectura



A Biblioteca Municipal Isidro Novo, situada no parque da Milagrosa, en Frigsa, desenvolverá entre outubro e decembro unha programación de animación á lectura con seis propostas infantís e un club de lectura para persoas adultas. A iniciativa combina contacontos, teatro, xogos e monicreques para achegar os libros á veciñanza e fomentar o hábito lector desde a infancia.

A programación infantil comezou o 22 de outubro co escape room "Os misterios da biblioteca" e o 29 de outubro tivo lugar "Contos de medo que deixan durmir".

En novembro, o día 5, Raquel Queizás presentará "Raposadas", unha sesión de contacontos para público a partir de tres anos protagonizada por unha raposa curiosa e aventureira que descubrirá novas historias, cancións e adiviñas.

O 19 de novembro chegará "Nube de algodón", de Trémola Teatro, unha proposta dirixida a nenos e nenas de entre un e tres anos. A través da historia dunha nube que cambia de cor segundo as emocións que experimenta, os máis pequenos poderán achegarse ao recoñecemento e á expresión dos sentimentos.

O xoves 26 de novembro, Teatro Ghazafelhos representará "A máquina do tempo", un espectáculo para público a partir de catro anos no que os protagonistas viaxarán por diferentes épocas históricas grazas a unha peculiar máquina.

A programación rematará o 10 de decembro con "Un Nadal cheo de contos", de Tarabelos. Esta sesión de monicreques e narración oral, dirixida a nenos e nenas a partir de tres anos, reunirá historias do Nadal procedentes de diferentes lugares do mundo. Todas as actividades comezarán ás 18.00 horas e serán gratuítas. Para asistir será necesario retirar previamente unha entrada na plataforma entradaslugo.es.

A oferta complétase co club de lectura, coordinado pola escritora lucense Antía Yáñez, que iniciou a súa actividade esta semana. O grupo dispón de 24 prazas e conta con lista de espera, unha resposta que amosa o interese polo interese de compartir impresións e experiencias arredor dos libros.

A directora do Museo Arqueolóxico Nacional dará unha charla no COAG

A sede da Delegación de Lugo do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia (COAG), acollerá o xoves 5 de novembro ás 19.3 horas unha conferencia de Isabel Izquierdo Peraile, directora do Museo Arqueolóxico Nacional (MAN).

Baixo o título 'El Museo Arqueológico Nacional: Tras la reforma integral, presente y futuro', a responsable da institución repasará a súa traxectoria desde a fundación en 1867 ata a actualidade, así como o proceso de incorporación de pezas que deu lugar ao seu amplo patrimonio.





pol

O BNG critica o "estado de abandono" do colexio



O Bloque Nacionalista Galego denuncia o grave estado de deterioro no que se atopa o CEIP Rosalía de Castro de Pol e reclama á Xunta de Galicia unha intervención inmediata que garanta unhas instalacións educativas dignas, seguras e accesibles para todo o alumnado. A deputada do BNG no Parlamento galego, Montse Valcárcel, comprobou "as numerosas deficiencias" que presenta o edificio, entre elas a caída de lousas da cuberta, goteiras, canalóns deteriorados, fiestras en mal estado e instalacións eléctricas que non reúnen as condicións de seguridade necesarias para un centro no que estudan crianzas de curta idade, así como importantes barreiras arquitectónicas e a ausencia de ascensor.

Valcárcel cualificou a situación de "inaceptable para un colexio público en pleno 2026" e criticou a falta de investimentos da Consellería de Educación. "Estamos falando dun centro no que caen as lousas do tellado, entra a auga e existen barreiras arquitectónicas que impiden garantir a accesibilidade. Son condicións básicas de seguridade e dignidade que a Xunta ten a obriga de garantir".

A deputada nacionalista tamén cuestionou as actuacións parciais realizadas pola administración autonómica, como a substitución das fiestras dunha única aula cando o deterioro afecta ao conxunto do centro.

"O que precisa este colexio é unha actuación integral, planificada e cun investimento suficiente para resolver todas as deficiencias", sinalou.

O BNG denuncia que o abandono tamén se estende ás paradas do transporte escolar. En lugares como Susá, Ríoxoán ou Cirio, as marquesiñas presentan un importante deterioro e non ofrecen unha protección adecuada fronte á choiva e ao frío.

"É inadmisible que as crianzas teñan que agardar polo autobús escolar á intemperie, soportando as condicións meteorolóxicas do inverno lucense. A Xunta ten que entender que vivir no rural non pode significar ter menos dereitos nin peores servizos públicos", subliñou Valcárcel.

A situación chegou a tal punto que a Asociación de Nais e Pais do Alumnado (ANPA) tivo que acudir á Valedora do Pobo para reclamar solucións. Para a deputada do BNG, "cando as familias se ven obrigadas a recorrer á Valedora do Pobo para conseguir algo tan básico como un colexio seguro e unhas paradas de autobús en condicións, queda en evidencia o fracaso da Xunta na súa responsabilidade de manter os centros educativos públicos".

Ante esta situación, o BNG trasladou ao Parlamento galego as deficiencias detectadas e reclama á Consellería de Educación que concrete as actuacións previstas, os prazos de execución e o orzamento que destinará á rehabilitación do colexio e ás marquesiñas do transporte escolar.



friol

O municipio prepara a apertura do centro de atención ao autismo



O centro especializado na atención a persoas con Trastorno do Espectro Autista (TEA) de Friol entra nunha nova fase antes da súa apertura. Aspanaes, a asociación que asumirá a xestión das instalacións promovidas pola Xunta, puxo en marcha o proceso para incorporar tres profesionais ao equipo que atenderá aos futuros usuarios.

A entidade oferta postos de logopeda, psicólogo e terapeuta ocupacional. As tres vacantes serán a xornada completa e con contrato indefinido, cunha retribución bruta anual de 21.568,62 euros. Para optar a elas será necesario contar coa titulación universitaria correspondente. As candidaturas deberán remitirse a través da web de Aspanaes antes do 6 de novembro.

A selección destes especialistas súmase á contratación da persoa que dirixirá o centro, anunciada hai aproximadamente un mes. A incorporación do resto do persoal será progresiva, ata completar un equipo de 41 traballadores directos cando a residencia funcione a pleno rendemento. Os servizos de limpeza tamén xerarán postos de traballo, aínda que serán prestados mediante subcontratación.

A previsión é que as instalacións poidan recibir os primeiros usuarios a finais de ano, unha vez rematadas as obras e colocado o mobiliario. O proxecto inclúe tamén a urbanización dos espazos exteriores e a creación de vías de acceso no contorno, actuacións que quedan pendentes.

O complexo sitúase nunha parcela municipal de 10.000 metros cadrados na rúa Carballal e dispón de 3.200 metros cadrados útiles. Terá capacidade para 48 residentes e estará distribuído en catro plantas. Na baixa habilitaranse espazos para terapias, salas de psicomotricidade e áreas de traballo para o persoal, ademais das dependencias administrativas. As dúas plantas superiores acollerán seis módulos de convivencia, con zonas privadas e comúns, mentres que o soto concentrará servizos como a cociña, a lavandería, os vestiarios e o garaxe.

A actuación contou cun orzamento de construción de 4,2 millóns de euros, ao que se engadiron outros 600.000 euros para o equipamento, procedentes de fondos europeos. Ademais da atención residencial, o edificio disporá dun centro de día. O Concello de Friol tamén trasladou a Aspanaes as prazas que lle corresponden para facilitar o acceso dos usuarios ao recurso.

O alcalde de Friol destaca os investimentos en infraestruturas

O alcalde de Friol, José A. Santos pon en valor os investimentos recollidos nos Orzamentos da Xunta de Galicia para o vindeiro ano, que contemplan "actuacións relevantes" para o municipio nos ámbitos das comunicacións, a atención social e a mellora dos servizos básicos.

Unha das intervencións máis destacadas para o alcalde é a mellora da estrada LU-231, que comunica Friol con Palas de Rei, cun investimento de 2 millóns de euros para acondicionar os 9,3 quilómetros pendentes. "Esta actuación permitirá completar a renovación dos 18,7 quilómetros da vía, mellorando as comunicacións e a seguridade dunha infraestrutura estratéxica para Friol e para as súas conexións coa A-54, en Palas de Rei, e coa A-6, en Begonte", explica o alcalde.

No ámbito social, destaca o Centro de Atención Integral para persoas con autismo, un equipamento duns 3.200 metros cadrados distribuídos en catro plantas. A dotación prevista destinarase a sufragar o custe da súa posta en funcionamento, un paso esencial para facer realidade este servizo, que contará con 48 prazas concertadas e que suporá un importante recurso asistencial para as persoas con autismo e as súas familias.

A estes proxectos suma dúas actuacións "fundamentais" para o rural de Friol, cuxa execución está prevista para o vindeiro ano. Trátase da mellora do abastecemento de auga en Seixón, cun investimento de 570.000 euros, e do saneamento do núcleo de Trasmonte, cunha dotación de 345.000 euros. Ambas permitirán modernizar infraestruturas esenciais e mellorar a calidade dos servizos que recibe a veciñanza.

O alcalde salienta que "estes investimentos son importantes para Friol porque responden a necesidades reais da nosa veciñanza. Falamos de mellorar as comunicacións, reforzar a atención social e garantir servizos básicos de calidade, tanto na capitalidade como nas parroquias".

Así mesmo, destaca a importancia da colaboración entre administracións para impulsar proxectos que contribúan ao desenvolvemento do municipio e á mellora da calidade de vida da cidadanía.

"Queremos un Friol con mellores infraestruturas, máis servizos e máis oportunidades de futuro. Seguiremos traballando e defendendo os intereses do noso concello para que estes investimentos se convertan en realidades e supoñan melloras concretas para toda a veciñanza", conclúe o alcalde.

castroverde

O Concello de Castroverde destina 17.000 euros ao deporte escolar



O Concello de Castroverde asinou un convenio de colaboración co Club Escolas Municipais Castroverde por un importe máximo de 17.000 euros para impulsar o deporte base no municipio durante o curso 2026/27.

O acordo, incluído no programa de subvencións nominativas da Administración local, permitirá desenvolver diferentes actividades deportivas dirixidas á poboación escolar.

A través deste convenio, o club encargarase de organizar as escolas de fútbol campo, baloncesto, patinaxe, judo, ximnasia rítmica, bádminton e ping-pong. Ademais, o acordo contempla tamén o mantemento do campo de fútbol municipal.

O Concello destaca que esta colaboración busca facilitar que os nenos e nenas de Castroverde poidan practicar diferentes modalidades deportivas e acceder a unha formación que vai máis alá da actividade física. A Administración local tamén pon en valor a implicación das persoas e entidades do municipio que traballan para manter estas actividades e fomentar o deporte entre os máis novos.

O magosto popular terá lugar o 14 de novembro con música e actividades



O Concello de Castroverde celebrará o sábado 14 de novembro o seu magosto popular, unha xornada festiva aberta á veciñanza que combinará gastronomía, música e actividades para os máis pequenos. A celebración terá lugar na Nave do Mercado Gandeiro a partir das 20:00 horas.

As persoas asistentes poderán degustar castañas asadas, empanada, lacón, bebidas e doces, entre outros produtos. A parte musical correrá a cargo de Zuncurrundullo, mentres que os nenos e nenas disporán de atraccións inchables.

Con esta proposta, o Concello busca ofrecer unha ocasión para compartir os sabores propios do outono e favorecer o encontro entre veciños nunha noite de festa e convivencia.

Amigos do Patrimonio organizan unha visita aos museos de A Capela

A asociación Amigos do Patrimonio de Castroverde organiza para o sábado 14 de novembro unha excursión para coñecer os museos de A Capela, na Coruña, e outros lugares da súa contorna. Os museos son A Casa do Pazo, o Parque Etnográfico do Sesín e a Escola, e todos eles forman o Museo Etnográfico da Capela, que se artella como unha "rede de museos" no que cada un deles xira ao redor dun centro de interese e todos, á súa vez están interrelacionados.

A saída está prevista para as 9.30 horas desde a praza de Castroverde, cunha parada no Carqueixo ás 9.45 horas. A visita aos museos comezará ás 11.00 horas e, despois da actividade, os participantes compartirán un xantar ás 14.00 horas.

Pola tarde, o grupo aproveitará o tempo dispoñible para achegarse a outros lugares da zona.

DENUNCIAN PINTADAS. Por outra parte, na última ruta levada a cabo polo colectivo, o 18 de outubro, percorreron a ruta de Paco Pestana, comezando no alto da Vacariza, xunto ao panel informativo da ruta dedicada ao artista. Alí, os participantes atopáronse con pintadas sobre o rostro de Paco Pestana e a súa casa natal, unha actuación que a asociación cualificou de lamentable e que suscitou a súa condena.

Desde ese punto, o grupo iniciou a camiñada ata a vivenda natal do artista, onde os agardaba o seu irmán, Xabier, que lles amosou parte da obra que deixou Paco Pestana.

guntín

Guntín ofrece clases de ximnasia para todas as idades en seis lugares



O Concello de Guntín puxo en marcha un programa de clases de ximnasia dirixido a persoas de todas as idades, co obxectivo de fomentar a actividade física, favorecer a mobilidade e promover hábitos saudables entre a veciñanza.

As sesións desenvólvense de luns a xoves en diferentes localidades do municipio. Os luns hai clases en Lousada, de 20:30 a 21:30 horas; os martes, en Mosteiro, de 16:45 a 17:45 horas, en Pradeda, de 18:15 a 19:15 horas, e en Guntín, de 20:00 a 21:00 horas.

A programación continúa os mércores en Constante, de 18:45 a 19:45 horas, e en Lousada, de 20:30 a 21:30 horas. Os xoves as clases impártense en Entrambasaugas, de 18:30 a 19:30 horas, e en Guntín, de 20:00 a 21:00 horas.

O Guntín Futsal abre prazas para a actividade de fútbol biberón

O Guntín Futsal pon en marcha unha nova actividade de fútbol biberón dirixida aos máis pequenos, con idades correspondentes aos anos de nacemento 2021, 2022 e 2023. A iniciativa busca achegar o fútbol sala aos nenos e nenas desde as primeiras etapas, nun espazo pensado para xogar, divertirse e dar os seus primeiros pasos no deporte. A proposta tamén pretende favorecer a convivencia, fomentar as relacións de amizade e introducir os hábitos deportivos a través do xogo.

As sesións serán todos os mércores no pavillón de Guntín, en horario de 16:45 a 17:45 horas. As familias interesadas poden solicitar información e formalizar a matrícula a través do teléfono 668 558 924, de Adrián.

OBRAS Y REFORMAS
JATO
Albañilería • Pladur • Pintura • Fontanería
Restauraciones • Acondicionamientos
Mantenimientos • Colocación Tarima Flotante
obrasyreformasjato@gmail.com
641 082 106

portomarín

Castromaior mostra os resultados da súa última campaña arqueolóxica



O castro de Castromaior, en Portomarín, deu a coñecer os resultados da súa última campaña arqueolóxica. O equipo responsable das escavacións explicouos achados e as actuacións de restauración e consolidación desenvolvidas no asentamento nas últimas semanas.

Os traballos comezaron o pasado 9 de setembro e contaron cun financiamento de 30.000 euros da Xunta de Galicia, a través dun convenio de colaboración co Concello de Portomarín.

Situado na parroquia de Santa María de Castromaior, nas proximidades do núcleo que lle dá nome, este xacemento da Idade do Ferro destaca pola súa extensión, superior ás catro hectáreas, e pola complexidade das súas estruturas defensivas. O recinto conta con ata seis espazos delimitados por murallas e fosos, unha croa, varios antecastros e amplos socalcos exteriores que lle confiren unha notable monumentalidade.

A INTERVENCIÓN. A intervención deste ano concentrouse en diferentes sectores nos que se conservan vestixios das últimas fases de ocupación do poboado, que evidencian a súa continuidade durante os primeiros tempos da presenza romana.

Na zona oeste do asentamento, os arqueólogos escavaron unha vivenda construída sobre o espazo de circulación da rolda interior, que chega a ocupar parcialmente a propia muralla. Esta actuación permite afondar nos cambios experimentados polo castro nos seus últimos períodos de actividade.

Outro dos puntos de traballo foi a entrada ao recinto central, onde a rolda interior continúa cara ao leste. Alí analizáronse os espazos próximos a unha estrutura tardía levantada fronte á porta de acceso, unha construción singular dentro do mundo castrexo da que só se coñece unha parte.

Os datos obtidos contribúen a comprender como evolucionou a organización urbanística do asentamento arredor do cambio de era. Tamén permiten estudar a influencia das transformacións sociais e económicas vinculadas á chegada de Roma na distribución dos espazos e na relación co territorio das comunidades castrexas.

Unha vez rematadas as escavacións, os traballos centráronse na restauración e conservación dos restos descubertos, co obxectivo de garantir a súa estabilidade e facilitar que poidan ser visitados e interpretados polo público. O castro recibe un importante número de visitantes, en parte pola súa proximidade ao Camiño Francés.

CONTINUIDADE A CAMPAÑAS ANTERIORES. A investigación arqueolóxica en Castromaior conta con varias fases previas. Entre 2006 e 2009 escavouse parcialmente o xacemento, deixando á vista estruturas de vivenda na croa e un tramo da muralla, nunha superficie aproximada de 700 metros cadrados.

Máis adiante, entre 2020 e 2021, acometeuse a consolidación da zona escavada baixo supervisión arqueolóxica para mellorar a conservación das estruturas. En 2023 e 2024 desenvolvéronse outras dúas campañas centradas na escavación e consolidación do tramo interior do sector leste da muralla.

o corgo

O parque empresarial terá máis de 200.000 metros cadrados



O parque empresarial do Corgo ampliará a súa superficie en 203.089 metros cadrados, cun investimento estimado de 11,6 millóns de euros. A actuación elevará a extensión total do polígono por riba dos 347.000 metros cadrados e permitirá responder á demanda de solo industrial, xa que os 144.159 metros cadrados da área actual están vendidos na súa totalidade.

A ampliación foi aprobada definitivamente como Proxecto de Interese Autonómico (PIA), un paso que permitirá avanzar na tramitación para licitar as obras durante o próximo ano. O calendario previsto inclúe o inicio dos trámites de expropiación dos terreos e o desenvolvemento paralelo do proxecto de urbanización, co obxectivo de axilizar a execución.

Entre as actuacións previstas figura a construción dun novo viario principal paralelo ao actual, así como a prolongación das rúas transversais para dar acceso ás novas parcelas. O proxecto tamén contempla zonas verdes, un espazo reservado para equipamentos públicos e 1.138 prazas de aparcamento, das que 319 serán de uso público.

Os deputados do Grupo Parlamentario Popular Cristina Sanz e Manuel Mato visitaron o parque empresarial para coñecer os detalles da ampliación. Durante o percorrido, reivindicaron o papel da Xunta de Galicia no impulso do solo industrial e no desenvolvemento económico da provincia de Lugo.

Sanz considerou que a aprobación definitiva da actuación demostra o "compromiso real da Xunta co dinamismo económico de Lugo" e defendeu a importancia de ofrecer espazos adecuados para que as empresas poidan medrar e xerar emprego. A deputada tamén vinculou a dispoñibilidade de solo industrial coa consolidación do tecido produtivo e coas oportunidades de futuro no ámbito rural.

Pola súa banda, Manuel Mato afirmou que "a verdadeira política industrial faise con feitos e investimentos directos nas infraestruturas". O deputado puxo como exemplo a promoción de 1,5 millóns de metros cadrados de novo solo empresarial na provincia, unha iniciativa que, segundo indicou, mobiliza máis de 68 millóns de euros.

A ampliación do parque empresarial do Corgo enmárcase así na planificación de novas superficies industriais na provincia, co obxectivo de facilitar a implantación de empresas e atender as necesidades de espazo produtivo.

Piden a ADIF os terreos da antiga vía ferroviaria para crear unha Vía Verde



O Concello do Corgo solicita a ADIF a cesión dos terreos ocupados polos antigos tramos da vía ferroviaria que quedaron en desuso no municipio, co obxectivo de recuperalos e transformalos nunha Vía Verde. A iniciativa, presentada polo BNG a partir das demandas da veciñanza de Maceda, contou co apoio unánime da Corporación municipal. A portavoz municipal do BNG, Pilar Bellón, valorou positivamente o acordo e destacou que permitirá avanzar na recuperación dun espazo vinculado á historia do municipio. "É unha boa noticia que exista unanimidade para avanzar na recuperación dun espazo que forma parte da historia do Corgo e que pode ter agora unha nova vida ao servizo da veciñanza", sinalou.

A proposta abrangue diferentes tramos da antiga vía que quedaron liberados de raíles e travesas tras as modificacións do trazado ferroviario. Entre eles atópase o de Maceda, cuxa veciñanza leva desde 2021 reclamando a recuperación destes terreos como Vía Verde. No conxunto do concello, os tramos en desuso sumarían arredor de catro quilómetros. Segundo o BNG, a recuperación destes espazos permitiría crear un itinerario seguro e saudable para camiñar, practicar deporte e desfrutar da contorna, ademais de evitar que a maleza e o abandono continúen deteriorando estes terreos.

Bellón tamén destacou a oportunidade de incorporar ao percorrido paneis informativos sobre a historia ferroviaria do Corgo, lembrando a importancia que tivo o tren para a vida económica e social do municipio desde a posta en marcha do tramo Lugo-Sarria en 1878.

"Queremos transformar un espazo abandonado nun recurso para a veciñanza, recuperar patrimonio e manter viva a memoria do que significou o ferrocarril para O Corgo", concluíu Pilar Bellón.

a voz dos alcaldes

O CORGO: Felipe Labrada

"Estou a disposición do PP, pero xa teño unha idade"



O rexedor, que chegou á Alcaldía en 2019, iniciou a súa traxectoria política como concelleiro do Partido Popular en 1987. Desde entón, leva máis de tres décadas vinculado á política municipal e, nas eleccións de 2023, conseguiu a maioría absoluta



DATOS

HABITANTES: 3.366.
PARROQUIAS: 38.
EXTENSIÓN: 203.089 km².
PARTIDO XUDICIAL: Lugo.
CORPORACIÓN: 8 concelleiros do PP, 2 do PSOE e 1 do BNG.
ALCALDE: Felipe Labrada.
VOCEIRO PSOE: Francisco Otero.
VOCEIRA BNG. Pilar Bellón.

Explíquenos un pouco como se iniciou na política e como se vinculou ao seu partido.
Empecei como concelleiro no ano 1987 no Partido Popular. O daquela alcalde, Darío Díaz-Castroverde, invitoume a acompañalo nas listas. Xa colaboraba con el para pedir cousas para o pobo e abrir pistas, ampliando os camiños naquel momento, polo que comecei a miña andaina na política.
Como deu o salto o recibiu o impulso para ser alcalde?
Foi cando o partido mo pediu, nas eleccións de 2019, para que fose cabeza de lista. Naquel momento, ao decidir Antonio Ferreiro González que non continuaba, o partido invitoume a encabezar a candidatura. Gañamos as eleccións con maioría simple e fixemos un pacto con Ciudadanos, pero durou pouco. No 2023 xa conseguimos a maioría absoluta, con oito concelleiros.

"Ser alcalde forma parte da túa vida diaria. A familia tamén ten que vivir a vida política, porque a calquera hora tes que atender as demandas que che trasladan"

A nivel persoal, que sacrificios supón formar parte do Goberno do Concello?
Hai que estar as 24 horas ao servizo dos veciños e estar pendente do teléfono.
E beneficios?
Permíteche estar en contacto cos veciños de todo o municipio e coñecer as súas necesidades.
Como equilibra a vida pública e a privada?
A verdade é que forma parte da vida diaria: estás coa familia e cos veciños. A familia tamén ten que vivir a vida política, porque a calquera hora tes que atender as demandas que che trasladan.
Cales son os seus obxectivos a nivel político?
Non sei se estou en condicións de continuar ou se o partido conta comigo, porque aínda non falamos. Pero eu vou estar aí, se as circunstancias mo permiten, apoiando a candidatura que presente o Partido Popular. Estou á disposición do partido e farei o que me pidan, aínda que xa teño unha idade. No seu momento fun suplente para o Congreso dos Deputados e ocupei o número 12 na lista para a Xunta. Os meus obxectivos xa están superados.
E, se renova na Alcaldía, cales son as principais actuacións previstas?
Estamos traballando en proxectos importantes, como o da residencia, que xa está aprobado pola Xunta. Gustaríame vela rematada porque é moi importante para o Concello do Corgo e para os concellos da contorna. Estamos moi contentos de que se constrúa unha aquí e outra no concello veciño do Páramo, porque hai moita xente maior e son necesarias. Outro proxecto importante, no que levamos traballando durante esta lexislatura, é o polígono industrial, co obxectivo de atraer empresas, crear postos de traballo e favorecer tamén o asentamento da poboación.
Cales son as principais liñas do seu programa?
O programa seguirá a liña destes dous proxectos, en colaboración coa Xunta.
Cales considera que son as principais necesidades no seu concello?
Unha das necesidades do Corgo é a vivenda. Adquirimos bastante terreo, xa que sempre foi moi difícil conseguir superficie para poder edificar. Agora temos unhas parcelas que foron adquiridas polo Concello para construír e ir creando un núcleo de poboación arredor da capitalidade municipal, xa que o municipio está moi diseminado. En canto ás estradas, sempre hai necesidades, porque as vías rurais se deterioran co paso da maquinaria agrícola. Estamos traballando niso e seguiremos renovando e mantendo as estradas, con actuacións como a aplicación de aglomerado en quente. É un traballo continuo.

"Haberá xente á que lle caia máis simpático e outra á que lle caia menos, pero intento transmitir unha imaxe de seriedade e de proximidade. Quero estar preto da xente e dispoñible para os veciños "

De que proxectos se sente máis orgulloso?
Síntome orgulloso de estar preto da xente. Destacaría servizos como o SAF, o PAI e o SAT, que compartimos cos concellos de Castroverde e Baleira, así como as iniciativas de conciliación familiar, tanto durante o curso escolar como cos campamentos de verán. Estamos ao lado das persoas que nos necesitan. Tamén contamos cun bo servizo sanitario e realizouse un bo despregamento da fibra óptica, que chega ao 90 % do concello. Considero que tamén é unha actuación ben feita.
Que lle gustaría que os veciños visen en vostede como alcalde?
Haberá xente á que lle caia máis simpático e outra á que lle caia menos, pero intento transmitir unha imaxe de seriedade e, ao mesmo tempo, de proximidade. Quero estar preto da xente e dispoñible para os veciños.
Como é a súa relación coa oposición?
Bastante próxima e cordial.

EN CLAVE PERSOAL

- **Idade, estado civil e familiar**
66 anos, casado e 1 filla
- **Profesión e formación**
Gandeiro e estiven nunha cooperativa do sector lácteo
- **E se non o fose, que lle gustaría ser?**
Gandeiro
- **Que quería ser de maior?**
Gandeiro
- **Que fai para desconectar?**
Estar cos amigos
- **Unha virtude e un defecto**
Prefiro que mos vexan os veciños
- **Un consello para compartir**
A humildade
- **Un libro, unha película ou/e un grupo de música/ cantante**
'Por quien doblan las campanas', de Hemingway; 'A Esmorga, e Rosalía
- **Unha afección**
Estar cos amigos
- **Un lugar que visitar**
O Corgo
- **Unha comida e unha bebida**
Polbo á feira e viño
- **Unha personaxe admirada**
A xente maior
- **Unha posesión prezada**
A saúde
- **Un desexo**
Que a xente teña saúde e poida estar a gusto
- **Algo para esquecer**
Non teño moito que esquecer
- **Que é o que máis valora nunha persoa?**
A honradez
- **Un desafío pendente**
Facelo Camiño, pero pola Vía Künig
- **Onde se ve en cinco anos?**
No Corgo

rábade

O PSdeG acusa ao PP de incumprir co calendario de plenos cun novo cambio de datas



O voceiro do PSdeG de Rábade, Alejandro Martínez, denuncia que a alcaldesa do PP, Remedios González, volve incumprir o calendario de plenos ao convocar para o luns 2 de novembro, ás 12.00 horas, a sesión ordinaria prevista para o día 11. "A alcaldesa xestiona o Concello como se fose da súa propiedade e modifica as datas dos plenos cando lle vén en gana, sen respectar os acordos da Corporación nin atender as reiteradas reclamacións da oposición", critica. A convocatoria identifica a sesión como substitutiva da correspondente ao 11 de novembro, segundo mércores do mes e data fixada no calendario aprobado pola Corporación. Martínez reprocha á rexedora que persista nesta práctica malia as denuncias públicas e as peticións para que cumpra unha programación coñecida de antemán por todos os grupos municipais.

O PSdeG lembra que xa advertiu a comezos de outubro de que só 3 dos 19 plenos ordinarios celebrados no mandato respectaran a data prevista. Máis do 84% das sesións tiveron lugar fóra do calendario fixado, un balance ao que agora se suma este novo cambio. "Os membros da oposición temos obrigas laborais que debemos compatibilizar coas nosas responsabilidades municipais. Cambiar continuamente as datas e manter as sesións ás doce da mañá dificulta a nosa asistencia e tamén a da veciñanza. É unha falta de respecto á oposición e á cidadanía", denuncia o voceiro socialista.

Martínez esixe á alcaldesa que respecte os acordos da Corporación e advirte de que o PSdeG seguirá denunciando estes incumprimentos. "Ter maioría absoluta non lle dá dereito a dispoñer do Concello ao seu antollo. Seguiremos reclamando que cumpra o calendario e que deixe de poñer trabas ao labor de quen representa á veciñanza de Rábade", conclúe.

O BNG abandonou o pleno ao non poder debater unha moción



O Grupo Municipal do BNG de Outeiro de Rei abandonou o salón de plenos despois de que, segundo denuncia, o alcalde impedise debater unha das dúas mocións presentadas en tempo e forma, relativa ao acceso á vivenda. A única iniciativa admitida, sobre a fiscalidade municipal e o Imposto sobre Bens Inmobles (IBI), foi rexeitada polo equipo de goberno.

A moción sobre o IBI propoñía revisar a ordenanza para introducir bonificacións fiscais, actualizar a normativa e corrixir posibles cobros indebidos. Entre as medidas figuraban a devolución dos importes cobrados por terreos que non reunisen as condicións para tributar como urbanos, con intereses, e bonificacións para instalacións de autoconsumo eléctrico, puntos de recarga de vehículos e inmobles destinados a explotacións agrícolas e gandeiras. O BNG tamén cuestionaba que os terreos rústicos e as propiedades das parroquias rurais tributasen coa mesma porcentaxe que os inmobles do centro da vila.

A tensión aumentou cando o concelleiro nacionalista Miguel Vieito reclamou que se incorporase á orde do día a segunda proposta, centrada na falta de vivenda accesible e protexida. Segundo o BNG, o alcalde pretendía sometela a votación de urxencia malia que fora presentada no prazo correspondente. Ante a negativa a incluíla, os concelleiros abandonaron a sesión. Vieito acusou o goberno local de limitar o labor da oposición e lembrou que, segundo a formación, existe unha sentenza do Tribunal Supremo que impide restrinxir artificialmente o número de mocións que poden presentar os grupos.

A iniciativa sobre vivenda propoñía impulsar a construción de pisos de protección oficial en réxime de alugueiro mediante a adquisición de terreos municipais ou a súa cesión á Xunta, así como recuperar o proxecto de vivenda pública previsto na zona da Palloza. Tamén incluía unha recarga de ata o 150 % no IBI para vivendas desocupadas que puidesen saír ao mercado do alugueiro e a creación dun rexistro municipal de vivendas de uso turístico. O BNG considera que estas medidas poderían facilitar a emancipación da mocidade e favorecer que as persoas que estudan fóra regresen ao municipio.

Os nacionalistas criticaron tamén o funcionamento dos plenos, que consideran cada vez máis limitados para o debate e a presentación de propostas. Ademais, cuestionaron que o peche e a liquidación do orzamento municipal de 2025 se incluísen na sesión sen pasar previamente pola comisión correspondente, convocada para despois do pleno.

A formación volveu reclamar un regulamento que ordene o funcionamento das sesións e asegurou que a súa ausencia dificulta o control da acción do goberno.

Na quenda final de rogos e preguntas, o PSOE reclamou melloras nos contedores de residuos, tanto no número dispoñible como no seu estado, mantemento e sinalización. O goberno local respondeu que se atopan en bo estado e que as incidencias poden comunicarse aos servizos municipais para proceder á súa revisión. O alcalde destacou a incorporación do contedor marrón e a renovación da Bandeira Verde, así como o servizo de recollida de aceite usado.

Por último, o PSOE preguntou polas medidas de apoio a Ceuta máis alá da colocación de bandeiras na casa consistorial. O goberno local afirmou que a capacidade económica do Concello non permite ofrecer outra axuda que non sexa moral e institucional, e comprometeuse a manter as bandeiras ata que, segundo expresou, o último invasor abandone o territorio.

Os ascensores da nova pasarela de Adif en Rábade xa están en funcionamento

Os ascensores da nova pasarela de Rábade, que comunica o Campo da Feira coa Praza de España, xa están en funcionamento, segundo informou o Concello aos veciños e veciñas. Porén, o Goberno local sinala que non recibiu comunicación oficial sobre a posta en servizo dos ascensores e lembra que a obra aínda non foi entregada ao Concello. Polo momento, a titularidade da infraestrutura continúa en mans de Adif, responsable dos traballos de construción da nova pasarela e da demolición da antiga.

O Concello pide á cidadanía que extreme a precaución ao transitar pola zona, xa que aínda permanecen vallas de obra e parte do cerramento está sen rematar. Esta situación fai que a zona continúe sendo accesible e poida representar un risco para as persoas que se acheguen ao espazo en obras. O Goberno local agarda que Adif remate canto antes os traballos de acondicionamento pendentes para poder recibir oficialmente a nova infraestrutura, fundamental para garantir a comunicación entre ambas as zonas da localidade e facilitar o cruzamento da vía do tren.

A reestruturación parcelaria de San Fiz de Paz, máis preto ca nunca

A directora xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, Paz Rodríguez fixo entrega dos boletíns das bases de reestruturación parcelaria de San Fiz de Paz, en Outeiro de Rei, aos propietarios dos terreos que abarca a actuación.

Ademais do reparto dos boletíns individuais da propiedade, que conteñen o resumo dos datos relativos a cada titular e as súas achegas, con determinación de superficies e clasificacións, informouse ao veciños sobre os prazos e materias de recurso susceptibles de seren recorridas en alzada, de ser o caso, así como doutras cuestións de interese.

O proxecto de desenvolvemento desta parcelaria, iniciado no ano 2021, comprende un total de 1.749 parcelas, correspondentes a 234 propietarios, e abrangue unha superficie total de 1.120 hectáreas. Así, a directora xeral sinalou a importancia deste tipo de instrumentos para paliar o minifundismo existente na comunidade, así como incrementar o valor das terras e a base territorial das explotacións ao tempo que se evita o seu abandono.

Neste contexto, cómpre salientar que desde o ano 2020, a Consellería de Medio Rural rematou un total de 40 concentracións parcelarias que beneficiaron a máis de 21.000 propietarios e mobilizaron unha superficie de preto de 30.000 hectáreas. Ao mesmo tempo, desde o 2021 decretáronse 33 novas parcelarias, cunha superficie mobilizada de máis de 29.000 hectáreas.

Así, de aquí en diante o compromiso do Goberno galego pasa por entregar 25 parcelarias antes de 2028. Para sustentar esta folla de ruta, o Goberno Galego ten previsto iniciar ao longo deste ano os trámites para decretar 7 novas reestruturacións.

As torres de Taboi e Sobrada, dous vestixios medievais en perigo

As dúas construcións, que formaban parte dun sistema defensivo relacionado coa torre de Caldaloba, presentan graves problemas de conservación e figuran na Lista Vermella de Hispania Nostra

As torres de Taboi e Sobrada de Aguiar, en Outeiro de Rei, permanecen nun estado de deterioración avanzada, sen actuacións para garantir a súa conservación. As dúas construcións, vestixios de antigas fortalezas medievais, forman parte dun conxunto defensivo que, segundo a información histórica recollida, estaba relacionado coa torre de Caldaloba, en Cospeito. Mentres esta última foi obxecto de atención pública polo debate arredor da súa propiedade entre a Xunta e a Deputación de Lugo, as dúas torres de Outeiro de Rei continúan á marxe das actuacións de recuperación e figuran na Lista Vermella do patrimonio de Hispania Nostra.

A situación das dúas construcións preocupa polo avance dos danos estruturais e pola falta de mantemento. En Taboi, o que queda do antigo castelo é unha torre incompleta, de planta cadrada e muros de mampostería de lousa, situada nunha zona de cultivo. A construción, que formaba parte dun recinto fortificado, conserva pegadas da súa antiga distribución interior en tres plantas e un soto. O estado actual é ruinoso: presenta grandes fendas na fachada sur, vexetación e raíces nos paramentos e a falta de pedras na porta, unha circunstancia que incrementa o risco de derrubamento.

A torre foi a homenaxe dun castelo que, segundo a documentación histórica, contaba con foxos, recinto, torres e ponte levadiza. Taboi foi solar dos Saavedra e estivo vinculado a familias como os Aguiar, Ribadeneira e Bolaño, ademais de ser feudo dos Pardo de Cela. En 1585 consta que foi reparada, aínda que non se conservan documentos medievais sobre a súa construción. O escudo principal atópase actualmente no Museo Provincial de Lugo.

A situación de Sobrada de Aguiar é tamén delicada. A torre, de máis de quince metros de altura e planta cadrada, foi levantada probablemente no século XV por Fernán Pérez de Ribadeneira sobre unha construción anterior. Como outras fortalezas galegas, foi derrubada durante a Revolta Irmandiña de 1467 e posteriormente reconstruída polos Freire de Andrade.

A construción conserva elementos defensivos e arquitectónicos de interese, como as aspilleiras, as gárgolas, os ocos das antigas portas e os restos das divisións interiores. Porén, a maleza cobre parte dos muros, nos que se observan numerosas fendas e ocos. Un eucalipto de grandes dimensións medra xunto a un dos laterais e está practicamente apoiado na estrutura, o que compromete a súa estabilidade. Ademais, as edificacións anexas incorporaron elementos modernos, como uralita, formigón e bloques, que alteran a contorna histórica do conxunto.

A torre formaba parte dunha casa forte e dun antigo pazo vinculado ás familias Ribadeneira, Andrade, Aguiar, Bolaño e Maseda. A porta norte comunicaba coas dependencias do conxunto, mentres que un escudo con armas dos Andrade, Aguiar e Ribadeneira, que estaba na fachada, consérvase tamén no Museo Provincial de Lugo. A propiedade actual da torre corresponde á familia de Andrés Segundo Guerra Pita.





SISTEMA DEFENSIVO

As dúas torres de Outeiro de Rei non son elementos illados dentro da historia medieval da comarca. Segundo explica Miguel Vieito, estudioso da historia da zona, Taboi, Sobrada e Caldaloba estaban aliñadas e presentaban unha estrutura e un deseño arquitectónico moi semellantes. Formarían parte dun sistema defensivo no que as fortalezas podían comunicarse e servir de apoio entre si: se unha era atacada, as outras podían ofrecer refuxio.

Vieito, que tamén é membro do BNG e unha das voces que leva reclamando atención sobre estes vestixios, apunta que esta relación histórica permite entender as torres como parte dunha rede de construcións defensivas, e non só como edificios independentes. A súa conservación permitiría recuperar tamén unha parte da historia medieval da provincia de Lugo, marcada polas disputas entre familias nobiliarias e polos conflitos polo control do territorio.

AS REACCIÓNS DO BNG

A situación das torres chegou tamén ao debate político. O BNG de Outeiro de Rei presentou emendas aos orzamentos da Xunta para 2026 co obxectivo de reclamar actuacións urxentes para garantir a conservación, o mantemento e a posta en valor das construcións.

A deputada nacionalista Olalla Rodil denunciou que a Xunta e o Concello levan anos "sen impulsar medidas para consolidar uns edificios que están en ruína avanzada e presentan risco de derrubamento". A formación reclama que ambas administracións elaboren un plan integral de conservación, rehabilitación e rexeneración dos inmobles.

O BNG defende, ademais, que a recuperación das torres podería convertelas nun recurso cultural e turístico para o municipio.¡

Desde o ámbito investigador tamén se reclama que o Concello lidere os contactos coas administracións competentes, entre elas a Xunta e a Deputación, para abrir unha vía de colaboración. A proposta non pasa necesariamente por unha intervención integral inmediata, senón por comezar polas actuacións máis urxentes: retirar a vexetación, tarefas periódicas de mantemento, avaliar os danos e eliminar os elementos que poidan comprometer a estabilidade das estruturas, como o eucalipto situado xunto á de Sobrada.

O obxectivo sería, nunha primeira fase, evitar que as torres se derruben. Despois poderían abordarse a investigación histórica, a divulgación e a creación de actividades culturais, visitas guiadas ou propostas de aproveitamento patrimonial. Miguel Vieito cita outros castelos galegos que conseguiron converterse en puntos de interese turístico e considera que Outeiro de Rei "conta cun patrimonio histórico que podería ter maior presenza na oferta cultural".

Convocado o concurso de recitado poético 'Rosalía sempre viva'

A Casa-Museo Manuel María convoca unha nova edición do Concurso de recitado de poesía sobre poemas de Rosalía e Manuel María.

O certame terá a fase final o 27 de febreiro de 2027 na propia Casa-Museo.

O certame está dirixido a todo o alumnado galego de ensino non universitario, desde Primaria a Bacharelato, e está centrado no recitado de versos da obra en galego de Rosalía ou da ampla produción poética de Manuel María.

O obxectivo do concurso é potenciar a expresión oral e a creatividade do alumnado a través do coñecemento e o recitado da poesía de dúas das voces máis importantes e populares da nosa literatura.

Así, os traballos gañadores da pasada edición pódense ver no portal web da Casa-Museo.

O concurso establece tres categorías, a primeira para os tres primeiros cursos de Primaria, a segunda para os alumnos de 4º a 6º. A terceira categoría engloba aos alumnos de Secundaria, Bacharelato e ciclos formativos.

O concurso constará de dúas fases, na primeira no propio centro escolar e a segunda entre centros.

Na primeira escolleranse tres traballos por categoría e na segunda, os seleccionados participarán no recitado dunha única poesía escollida libremente entre a obra en galego de Rosalía ou de Manuel María. Valorarase a autenticidade e naturalidade do recitado, a memorización e o seu nivel de dificultade.

Os centros interesados en sumarse a este concurso deberán facer a súa preinscrición antes do 22 de xaneiro. E os seleccionados para a fase final deberán estar escollidos antes do 12 de febreiro.

Na segunda fase concederanse un premio para cada unha das categorías 1 e 2 e dous premios para a categoría 3. Os premios serán unha tableta para as persoas gañadoras e un lote de libros para os centros que representan.

O xurado poderá conceder Mencións Honoríficas a aquelas persoas participantes que considerar oportuno, recibindo neste caso os/as galardoados/as un pequeno lote de libros.

Os Valuros, máis de tres décadas de música e baile tradicional

A asociación cultural, nacida en 1992 cun grupo de oito nenos e nenas do colexio Ramón Falcón, conta hoxe con 42 integrantes e leva a cultura galega por festas e romarías de dentro e fóra de Galicia



A música e o baile tradicional forman parte da identidade de Galicia e, para que sigan vivos, é fundamental o traballo das asociacións culturais que transmiten este patrimonio de xeración en xeración. En Castro de Rei, na comarca da Terra Chá, a asociación Os Valuros leva máis de tres décadas dedicada a esta tarefa, combinando a formación musical, as actuacións e a convivencia entre persoas de diferentes idades. Un proxecto que naceu de maneira modesta e que, co paso dos anos, conseguiu converterse nunha referencia cultural na súa contorna.

A historia da entidade comezou en 1992, cando un grupo de oito nenos e nenas do colexio Ramón Falcón decidiu poñer en marcha unha iniciativa para amenizar as festas escolares. O que inicialmente era unha actividade vinculada ao centro educativo medrou rapidamente e comezou a recibir invitacións para participar en todo tipo de celebracións. Naquel momento non había ningún grupo destas características na zona, polo que a demanda levou a asociación a dar un paso máis: contratar un profesor de música e crear unha escola propia.

A iniciativa, a piques de cumprir os 35 anos, espertou o interese de numerosas familias e o crecemento foi notable chegando a reunir arredor de 60 integrantes. Ben é certo que, ao longo dos anos tamén houbo etapas de maior e menor actividade, marcadas polos cambios vitais dos máis novos. Na actualidade, Os Valuros están formados por 42 persoas de idades moi diversas, desde os cinco ata os 75 anos.

Manter unha asociación cultural durante máis de tres décadas require compromiso, traballo e capacidade para adaptarse aos novos tempos. No caso de Os Valuros, a continuidade explícase, en boa medida, pola implicación das persoas que acompañan o proxecto desde os seus comezos e pola incorporación constante de novos membros.

Ana Cantó, integrante da directiva, destaca que a clave está en conservar o entusiasmo inicial. “Os que levamos os 35 anos seguimos coa mesma ilusión que o primeiro día”, explica. Entre as persoas que continúan vinculadas á entidade desde aquela primeira etapa están ela mesma e o seu fillo, Fran Cupeiro, que cursou estudos superiores de música e exerce como profesor do grupo.

A combinación de experiencia e renovación permite que a asociación siga avanzando. “Todos os anos entra xente nova e, entre os novos e os vellos, imos tirando”, sinala Cantó.

A entidade mantén, ademais, unha filosofía aberta e integradora. Non importa a idade nin é necesario contar con experiencia previa: o importante é ter interese por aprender, participar e gozar da actividade. “No noso grupo teñen cabida todos; non importa a idade, só hai que ter ganas, que che guste aprender a tocar e bailar e pasalo ben”, resume a integrante da directiva.

CHEGANDO A TODA GALICIA

Ao longo da súa traxectoria, a agrupación percorreu numerosos lugares das catro provincias galegas e tamén levou a súa música e os seus bailes a outros puntos da península, como Barcelona, Madrid e Cantabria. A súa presenza chegou mesmo a escenarios internacionais, con viaxes a París, á Bretaña francesa e a Portugal.

Con todo, é na súa propia terra onde a asociación sente unha especial conexión co público. A participación en festas, romarías, xantares veciñais e celebracións de todo tipo converteuse nunha parte esencial da súa actividade. “Estamos moi orgullosos de poder dicir que somos profetas na nosa terra”, afirma Ana Cantó, que destaca a presenza habitual do grupo nos eventos da contorna.

A asociación combina as actuacións cunha actividade formativa centrada na música e no baile tradicional. Pero o traballo non se limita ás actuacións habituais. Ao longo do ano, Os Valuros participan tamén en festivais e organizan saídas e excursións para favorecer a convivencia entre os integrantes. Un exemplo recente foi a viaxe a Madrid para visitar o parque Warner.

A súa traxectoria inclúe, ademais, a publicación dun disco con motivo do 25 aniversario, titulado *Valurias*. Este traballo supuxo unha maneira de conmemorar os anos de actividade e deixar constancia do labor musical desenvolvido pola agrupación.

Xunto á formación e á difusión cultural, Os Valuros manteñen unha actividade solidaria que os leva a colaborar con diferentes entidades e colectivos da contorna. A asociación realiza ao longo do ano actuacións benéficas en residencias da zona e en Fudace, entre outros lugares.

Segundo explica Ana Cantó, o grupo participa neste tipo de iniciativas en numerosas ocasións, cunha media aproximada de 25 actuacións anuais de carácter benéfico ou social, ademais das restantes actividades e compromisos musicais.

Para esta frenética actividade, Os Valuros contan con subvencións do Concello e da Deputación destinadas, entre outros fins, á adquisición de equipamento, como gaitas, instrumentos de percusión e equipos de son. A entidade tamén destaca a importancia do programa Tradigalu da Deputación, que contribúe á súa sustentabilidade ao facilitar a participación en actuacións remuneradas.

Para a asociación, este respaldo non só beneficia a un grupo concreto, senón que contribúe á conservación e transmisión dun patrimonio cultural compartido.

CONECTADOS COA TERRA CHÁ

O nome da asociación remite tamén á tradición cultural e lendaria da comarca. Os baluros ou valuros aparecen na tradición popular galega como unha comunidade de orixe precristiá vinculada á Balura ou Baluria, na Terra Chá. As referencias sitúan este territorio nunha área que abrangue lugares de concellos como Castro de Rei e Cospeito.

Segundo estas tradicións, os valuros estaban relacionados con relatos lendarios sobre a antiga cidade de Veria, que tería quedado asolagada baixo a lagoa de Cospeito. Estas narracións forman parte do imaxinario popular da comarca e contribúen á riqueza cultural dun territorio no que a tradición oral, as festas e a música seguen a desempeñar un papel destacado.

Cantó tamén chama a atención sobre o papel das familias á hora de achegar os máis novos a estas actividades. “É moi necesaria a implicación das distintas administracións coa nosa cultura, e tamén a dos pais e nais, que son quen teñen o poder de decidir o que queren para o futuro dos seus fillos e fillas”, apunta.

O Museo do Castro de Viladonga organiza un obradoiro de cestería con tea o 7 de novembro

O Museo do Castro de Viladonga celebrará o vindeiro sábado 7 de novembro un obradoiro de cestería con tear, unha proposta que busca explorar a relación entre as técnicas tradicionais de tecido e a elaboración de pezas de cestería.

A iniciativa parte da presenza, entre os fondos do museo, de varias pezas vencelladas ao traballo con teares. Segundo explica o centro, estas pezas adoitan identificarse co labor do tecido, aínda que tamén cabe preguntarse se esta técnica podería aplicarse á cestería.

O obradoiro terá lugar nas instalacións do Museo do Castro de Viladonga, entre as 10.00 e as 15.00 horas, e estará impartido por Alba F. Castro. A actividade conta cun máximo de 12 prazas, que se cubrirán por rigorosa orde de inscrición.

Pódese reservar praza chamando ao teléfono 982 870 160.

O Consello da Cultura Galega afondou no legado de Margarita Ledo

O Consello da Cultura Galega (CCG) dedicou unha xornada a revisar e poñer en valor a traxectoria de Margarita Ledo Andión (Castro de Rei, 1951), unha das figuras destacadas do xornalismo, a literatura, o cinema e o pensamento galego. Baixo o título 'O punto de vista involucrado', o encontro, organizado polo Centro de Documentación en Igualdade e Feminismos (CDIF), reuniu diferentes especialistas que analizaron as múltiples dimensións dunha vida marcada pola defensa da lingua, a memoria e o compromiso político.

Na entrevista realizada por Mar Mato, Ledo resumiu o fío condutor da súa traxectoria: "Todo é unha cuestión de toma de posición e co que fas contribúes a que se amplíen os espazos de emancipación". A autora reivindicou tamén o valor de vivir ese compromiso con entusiasmo: "E é cuestión de divertirte máis con isto que con calquera outra cousa". Na análise da actualidade, a autora chamou a atención sobre o papel dos medios na construción das mentalidades e na consolidación de determinadas ideoloxías. Tamén abordou a crise climática e as transformacións políticas e sociais, e expresou as súas dúbidas sobre a capacidade das sociedades para reaccionar a tempo ante as consecuencias do actual modelo.

AO NOSO CARÓN

O colectivo de persoas xubiladas da CIG convoca novas mobilizacións



O colectivo de persoas xubiladas e pensionistas da CIG levará a cabo concentracións nas sete cidades galegas o vindeiro 5 de novembro baixo o lema 'Somos maiores, tamén queremos vivir dignamente'. As mobilizacións enmárcanse na campaña que está a desenvolver a central sindical para reclamar aos gobernos español e galego a aprobación dun Plan de Choque urxente que permita facer fronte á actual carestía da vida. En Lugo, a concentración será ás 11.30 horas diante do edificio da Xunta de Galicia.

Desde o colectivo denuncian que a suba constante dos prezos está a deteriorar as condicións de vida da poboación e a agravar a situación económica das clases traballadoras. Segundo sinalan, as persoas maiores están especialmente afectadas polo encarecemento da electricidade, dos combustibles e dos produtos de primeira necesidade, así como polos elevados custos da vivenda, a deterioración dos servizos públicos e o retroceso das políticas sociais.

A organización atribúe o incremento dos prezos, ademais de a factores como a seca, ás consecuencias das guerras e da actual escalada militarista internacional. Neste sentido, critica o aumento do gasto militar dos Estados, o papel da OTAN e a posición da Unión Europea e do Goberno español ante esta situación.

O colectivo considera necesario reaccionar e mobilizarse para evitar que, unha vez máis, sexan as clases traballadoras as que soporten os efectos dunha nova crise económica.

Por iso, reclama a posta en marcha dun Plan de Choque que se incorpore aos próximos Orzamentos da Xunta de Galicia e do Goberno español e que dea resposta ás necesidades das persoas maiores e do conxunto da sociedade.

O GDR Terra Chá apoiará 18 proxectos no rural

O Grupo de Desenvolvemento Rural (GDR) Terra Chá apoiará un total de 18 proxectos cunha achega de 1,34 millóns de euros procedentes do programa Leader 2026. A convocatoria experimenta un incremento de fondos con respecto ao exercicio anterior, ao pasar dos 600.000 euros a unha dotación que supera o dobre desa cantidade e se achega ao triplo. Ademais, outras 13 iniciativas quedaron en lista de agarda, un dato que evidencia a elevada demanda destas axudas e o interese por impulsar novos investimentos no territorio.

A resolución aprobada polo GDR corresponde a unha convocatoria na que se presentaron 48 solicitudes. Delas, 37 eran iniciativas produtivas, das que 21 recibiron unha valoración favorable. Finalmente, nove proxectos serán os primeiros beneficiarios das subvencións produtivas, mentres que os restantes permanecerán á espera dunha posible ampliación dos fondos. O importe solicitado para este apartado ascendía a 1,79 millóns de euros, fronte aos 1,056 millóns finalmente concedidos.

As actuacións empresariais permitirán desenvolver investimentos en distintos sectores e concellos da comarca. Entre as propostas figuran a creación de dúas pensións e un establecemento de turismo rural, dúas estacións de servizo, a ampliación dun despezamento, unha empresa de construción e reformas, unha lavandería autoservizo e unha nave industrial destinada á exposición e venda de maquinaria. Os proxectos contribuirán a consolidar 15 postos de traballo e crear outros 14.

O importe máximo das axudas por proxecto produtivo será de 150.000 euros, mentres que no caso das iniciativas privadas non produtivas o límite está fixado en 25.000 euros. Unha vez aprobada a proposta, o seguinte paso será a publicación da resolución definitiva. As entidades e persoas beneficiarias disporán de prazo ata 2028 para executar os investimentos subvencionados.

Os políticos, encantados cos datos do informe PISA

O PUPITRE



Julio Díaz

Cada vez que se publica un novo informe PISA volvemos durante uns días a falar de educación. Aparecen as gráficas, as comparacións, as porcentaxes e, como non podía ser doutra maneira, os responsables políticos saen rapidamente a explicar os datos segundo lles interese. Uns destacan aquilo no que melloramos, outros aquilo no que empeoramos e todos atopan algún número ao que agarrarse. Non serei eu quen poña en dúbida a utilidade destes informes, pero despois de moitos anos dando clase de Matemáticas cada vez miro con máis distancia ese baile de cifras. Porque unha cousa é o que aparece nunha táboa e outra ben distinta é o que un profesor ve todos os días diante dos pupitres.

Non digo con isto que os alumnos de hoxe sexan peores que os de hai quince ou vinte anos. Son diferentes. Teñen outras capacidades, manexan ferramentas que antes non existían e viven nunha sociedade completamente distinta. Pero tamén observo dificultades que antes non eran tan frecuentes e que me preocupan especialmente.

Cada vez é máis habitual que un alumno se enfronte a un problema e, antes de intentar comprendelo, pregunte: «Que teño que facer?». Parece unha pregunta inocente, pero detrás dela hai algo máis profundo: a necesidade de que alguén lle dea inmediatamente o camiño para chegar á solución. Cando ese camiño non aparece, chega a frustración e, demasiadas veces, o abandono.

Unha das cousas que máis me preocupa é esa perda da cultura do esforzo. Estamos educando nunha sociedade na que todo parece ter que ser inmediato. Queremos a resposta xa, a satisfacción xa, o resultado xa. E aprender non funciona así. Aprender require tempo, equivocarse, volver a intentalo e aceptar que hai cousas que non saen á primeira.

Porque aprender tamén significa non saber. Significa soportar durante un tempo a incomodidade de non entender algo e ter a paciencia suficiente para seguir buscando. Se acostumamos os nosos alumnos a que sempre exista unha resposta inmediata, estamos quitándolles precisamente unha das capacidades que máis van necesitar na súa vida adulta: a perseveranza.

E isto enlaza tamén coa relación que temos co consumo. Vivimos rodeados de publicidade que nos convence de que necesitamos aquilo que vemos na pantalla. Por iso considero especialmente importante que os nosos alumnos saian da escola sabendo interpretar unha porcentaxe, comprender un préstamo, calcular intereses ou saber canto lles vai custar realmente aquilo que compran. Porque unha persoa pode ter moitos coñecementos académicos e, con todo, ser moi vulnerable cando ten que tomar decisións económicas.

Ás veces penso que ensinamos moitas matemáticas e non sempre ensinamos suficientemente para que serven esas matemáticas. Unha porcentaxe non debería quedar nun exercicio do libro. Pode estar nun desconto, nun imposto, nunha nómina, nun préstamo ou nunha hipoteca. E cando non sabemos interpretar eses números, outros poden facelo por nós.

Algo parecido sucede coa información. Os nosos alumnos teñen acceso a unha cantidade de información inimaxinable hai apenas dúas décadas. Pero o problema xa non é conseguir información. O problema é saber que facer con ela. Saber distinguir unha noticia dunha manipulación, unha opinión dun feito ou unha información contrastada dun contido creado simplemente para conseguir visitas debería formar parte tamén da educación.

E aquí aparecen inevitablemente as redes sociais. Nunca estivemos tan conectados e, ao mesmo tempo, ás veces dá a impresión de que nos custa máis relacionarnos cara a cara. Porque detrás dunha pantalla segue habendo unha persoa. Un compañeiro, un amigo, alguén que pode pensar diferente e co que debemos aprender a convivir.

Todo isto lévame de novo ao PISA. Podemos discutir os resultados, compararnos con outros territorios e buscar explicacións. Pero hai unha realidade que ningún informe pode reflectir completamente: a do alumno que aprende a pensar por si mesmo, que non abandona ante a primeira dificultade, que sabe interpretar o que lle están contando e que é capaz de tomar decisións sen que alguén pense por el.

E aquí é onde aparece tamén a política. Non quero afirmar que exista unha intención deliberada de formar cidadáns menos críticos, porque non teño datos para dicilo. Pero non podo evitar pensar que unha sociedade formada por persoas con dificultades para comprender o que len, interpretar os números ou distinguir información de manipulación pode resultar máis fácil de convencer.

Por iso, cando volvamos ver os próximos resultados de PISA e os políticos saian a celebrar ou lamentar algunha décima, eu seguirei pensando no que acontece dentro dunha aula. Porque a verdadeira medida da educación está noutra parte: na capacidade de pensar, de preguntar, de equivocarse, de volver intentalo e de non crer todo o que nos poñen diante.

Ao final, máis importante que saber en que posición quedamos nunha táboa é saber que tipo de persoas estamos formando. E para iso, probablemente, ningún informe PISA teña unha gráfica capaz de medir iso.

ELECCIÓNS XERAIS

Galicia debuxa un mapa electoral con menos listas ao Senado e con novas siglas e pactos

As catro provincias suman 40 candidaturas ao Congreso e 26 á Cámara alta, oito menos que as proclamadas en 2023



Galicia volve situarse ante unha cita electoral na que cada provincia debuxará o seu propio mapa de opcións políticas. O próximo 29 de novembro, os electores galegos escollerán os representantes que ocuparán os escanos do Congreso dos Deputados e do Senado nun escenario que conserva boa parte das siglas habituais, pero que tamén incorpora novidades e acordos capaces de modificar a oferta nas papeletas.

A primeira fotografía desta convocatoria deixa un dato significativo: 40 candidaturas ao Congreso e 26 ao Senado nas catro circunscricións galegas.

Pero escoller aos nosos representantes implica tamén escoller a un presidente para o Goberno central neste duelo polarizado unha vez máis entre o PP de Alberto Núñez Feijoo e o PSOE de Pedro Sánchez. O socialista adiantou as eleccións confiando en que o movemento social pola situación da vivenda e o sentimento "antifascista" xogue ao seu favor. Na súa contra está unha lexislatura terriblemente convulsa que as análises políticas auguran traerá un cambio de era para calquera dos dous candidatos segundo o que acorden as urnas o último domingo de mes.

Para Feijoo chegou o momento decisivo, no que ten que amosar que ten apoios para liderar o partido e o Estado e reforzar ao PP noutras eleccións moito próximas, as locais, que terán lugar no mes de maio.

Mentres os partidos perfilan as súas estratexias polarizando o voto entre as dereitas e as esquerdas, a poboación tamén mostra a súa postura sobre o que lles preocupa. A xuventude, que nos últimos tempos se mantivo un pouco lonxe da política, volveu saír á rúa para reclamar vivenda e dereitos, sen comprender como as súas preocupacións volven quedar de novo á marxe, para ser utilizados como arma arroxadiza na rivalidade política.

Pero votar á dereita ou votar á esquerda non supón, agás sorpresa, que sexa o que decida quen gobernará os destinos do Estado os próximos catro anos. A previsible falta dunha maioría absoluta para as dúas grandes forzas podería implicar que os partidos de menos representatividade podan servir como peza fundamental para pactar o futuro goberno.

Se de algo saben os últimos gobernantes é de pactos. De feito, o PSOE leva anos no poder, con menos votos que o PP, grazas ao apoio de partidos de menor representatividade na cámara. Por iso, nesta ocasión, os dous invocan o voto "útil" como a única forma de garantir a gobernabilidade.

O PP, pola súa banda, que só conta con VOX para sumar forzas, aspira a poder chegar entre os dous á prezada maioría, nun pacto xa de forma aberta.

Esta cita electoral será clave tamén para o BNG, xa que a formación necesita consolidarse en Madrid. Por iso, será un dos actores centrais da política galega, pero as eleccións xerais ofrecen unha medida diferente desa fortaleza. Segundo a media das enquisas para Galicia, o BNG situaríase arredor do 14 % dos votos e obtería dous deputados no Congreso. Nas xerais de 2023 conseguira o 9,4 % e un escano.

OITO SIGLAS EN TODA GALICIA

A oferta en Galicia volve ser ampla pero máis reducida que anos anteriores nestes comicios. Mentres que para o Congreso se mantén nunha dimensión semellante á das xerais de 2023, a Cámara alta experimenta unha redución máis acusada. Daquela proclamáranse 34 candidaturas ao Senado; agora son 26 as rexistradas.

O cambio responde, en boa medida, ao acordo entre o PSOE e Fronte Ampla, que concorren conxuntamente baixo a denominación Senado de Progreso, en lugar de presentar dúas opcións separadas.

O resultado é un panorama electoral no que a diversidade política segue presente, pero se distribúe de maneira desigual segundo a provincia e a cámara á que se aspire. En total, son 13 as formacións que concorren en Galicia. Oito delas estarán nas catro circunscricións, mentres que o resto limita a súa presenza a determinados territorios. Esta diferenza fai que a experiencia electoral non sexa exactamente a mesma para un votante de Lugo que para outro de Pontevedra ou Ourense.

A oferta ao Congreso apenas se afasta da rexistrada nos anteriores comicios. En 2023 presentáranse 42 candidaturas e finalmente proclamáranse 38. Nesta ocasión, as 40 listas distribúense entre as catro provincias, cunha concentración maior en Pontevedra e Ourense.

PP, PSdeG-PSOE, BNG, Fronte Ampla, Podemos, Se Acabó la Fiesta (SALF), Frente Obrero e Vox conforman o grupo de oito formacións que presentan listas ao Congreso nas catro provincias galegas. Son as siglas que permiten identificar unha oferta común para todo o territorio, aínda que a súa presenza non esgota as posibilidades que atoparán os electores en cada circunscrición.

Entre as novidades destaca Se Acabó la Fiesta. A súa presenza nas catro provincias galegas incorpora unha nova sigla ao escenario das xerais e amplía a oferta para os votantes que buscan alternativas ás formacións con maior tradición electoral.

Outro dos cambios é a presenza de Podemos por separado. A súa candidatura independente modifica a configuración do espazo político no que se sitúa a esquerda estatal e engade unha papeleta propia ás opcións dispoñibles. Ao mesmo tempo, o acordo entre o PSOE e Fronte Ampla ten un efecto especialmente visible no Senado, onde ambas as formacións se presentan baixo unha candidatura común.

Xunto ás oito formacións de ámbito galego, hai tres partidos ou organizacións que completan a oferta ao Congreso nalgunhas provincias: o Partido Comunista dos Traballadores da Galiza (PCTG), Escaños en Blanco, Por un mundo más justo e o Partido Animalista con el Medio Ambiente (Pacma). A súa distribución territorial explica parte das diferenzas no número de papeletas que haberá en cada circunscrición.



MENOS FRAGMENTACIÓN

A redución das candidaturas ao Senado é un dos elementos máis destacados destas eleccións en Galicia. Fronte ás 34 listas proclamadas en 2023, nesta convocatoria hai 26 rexistradas. O pacto entre o PSOE e Fronte Ampla explica boa parte deste descenso, ao unificar as dúas formacións nunha única opción electoral para a Cámara alta.

A oferta común en todas as provincias está formada por PP, BNG, Senado de Progreso, Vox e Podemos. Son as cinco papeletas que estarán dispoñibles para os electores de A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra. A partir dese núcleo compartido, cada circunscrición incorpora outras candidaturas, o que fai que as posibilidades de elección varíen dun territorio a outro.

Pontevedra presenta oito listas ao Senado, Ourense 7 e A Coruña 6, con PCTG, Escaños en Blanco e Por un mundo más justo. Lugo, pola súa banda, queda con cinco.

A PARIDADE

Máis alá das siglas e dos acordos electorais, estas xerais incorporan un cambio na elaboración das candidaturas: a aplicación do sistema de listas cremalleira, que obriga a alternar mulleres e homes na orde das listas ao Congreso. A medida deriva da reforma da lexislación electoral en materia de representación paritaria e supón unha diferenza respecto ao sistema aplicado nos comicios de 2023.

Así funciona o sistema de votación en España: como se elixen o Congreso e o Senado

Os deputados elíxense mediante listas pechadas dentro de cada circunscripción electoral utilizando o sistema D'Hondt, mentres que na Cámara Alta combínase a elección directa coa designación das comunidades autónomas

O sistema electoral español establece un modelo mixto para elixir os seus representantes. A cidadanía vota de forma universal, libre, igual, directa e secreta, pero a forma de repartir os escanos e os criterios de elección son distintos no Congreso dos Deputados e no Senado.

O CONGRESO

O Congreso, composto por 350 deputados, é a cámara baixa e a que ten o maior peso na formación do Goberno. Os seus membros elíxense en 52 circunscricións electorais, que corresponden ás 50 provincias e ás cidades autónomas de Ceuta e Melilla. Cada provincia ten garantidos dous escanos iniciais, mentres que as cidades autónomas elixen un cada unha. O resto de deputados repártese en función da poboación. Os partidos presentan listas pechadas, polo que o elector vota unha candidatura completa. Os escanos adxudícanse mediante o sistema D'Hondt, un método proporcional que busca repartir os postos segundo o número de votos obtidos por cada formación en cada circunscrición. Ademais, é necesario alcanzar polo menos o 3 % dos votos válidos para participar no reparto de escanos.

O SENADO

O Senado, pola súa banda, é a cámara de representación territorial e está formado por 266 senadores: 208 elixidos directamente pola cidadanía e 58 designados polos parlamentos das comunidades autónomas.
Os senadores de elección directa elíxense en 60 circunscricións. A diferenza do Congreso, aquí utilízanse listas abertas, polo que o elector pode escoller candidatos concretos, mesmo de partidos diferentes. O número de votos que se pode emitir varía segundo a circunscrición: ata tres nas provincias peninsulares, dous nas illas maiores e un nas restantes illas e en Ceuta e Melilla. Os candidatos máis votados son os que resultan elixidos.
Os 58 senadores designados elíxense nos parlamentos autonómicos. Cada comunidade ten un senador inicial e outro máis por cada millón de habitantes.

A REPRESENTACIÓN

En resumo, no Congreso os votos repártense entre os partidos e convértense en escanos mediante un sistema proporcional por provincias. No Senado, a cidadanía vota candidatos individuais e resultan elixidos os máis votados. Esta diferenza fai que o voto teña consecuencias distintas nas dúas cámaras e que o sistema electoral español combine a proporcionalidade coa representación territorial.

A IMPORTANCIA DA POBOACIÓN

O sistema D'Hondt e a barreira do 3 % poden ter un gran impacto no resultado final. Un partido pode obter unha porcentaxe importante de votos no conxunto do Estado e, con todo, conseguir menos escanos dos que se podería esperar se os seus apoios están moi repartidos.
No caso do Senado, o número de senadores non é fixo, senón que varía segundo a poboación de cada territorio. As eleccións ao Senado teñen un carácter máis territorial, mentres que o Congreso reflicte mellor a proporción de votos a nivel estatal.
O sistema electoral español, en definitiva, busca equilibrar a representación da cidadanía, o peso da poboación e a realidade territorial do país, aínda que non está exento de críticas e debates sobre a súa maior ou menor equidade.



CANDIDATOS CONGRESO LUGO 2026

PP

1. Francisco José Conde López.
2. María Cristina Abades Martínez.
3. Jaime de Olano Vela.
4. María Alicia López Rodríguez.

Suplentes:
1. Francisco Javier Vázquez Nodal.
2. María Elena Sierra Pulpeiro.
3. Ramón Carballo Páez.

FRENTE AMPLO

1. Reyes Rodríguez García.
2. Miguel Martínez Cabaleiro.
3. Rosa Estefanía Pérez Fernández.
4. José Carlos Vázquez González.

Suplentes:
1. Noa Estévez Casqueiro.
2. José Antonio Rodríguez Añón.

SE ACABÓ LA FIESTA

1. María Ferreiro Carreiras.
2. Eladio José Méndez Garrido.
3. Olga Roldán Fernández.
4. David Martín Santillana.

PSOE

1. Patricia Otero Rodríguez.
2. Jorge Bustos Atanasio.
3. Eva Blanco López.
4. Ismael Carcedo Gómez.

Suplentes:
1. María Loureiro García.
2. Carlos López López.
3. Silvia Rodríguez Díaz.
4. Martín Mejuto Sobrado.
5. María del Carmen Ozores Vigide.

PODEMOS

1. Ximena Cheda Tuya.
2. Francisco Farias Hernández.
3. María Dolores Julià Carrasco.
4. Orencio Orosa García.

Suplentes:
1. Noelia Herrera Bruzos.

FRENTE OBRERO

1. Víctor Contreras Céspedes.
2. Mª Remedios Ranchal Matellano.
3. Fernando Damata Fernández.
4. Ainhoa Sánchez Larrañaga.

VOX

1. Jesús Primitivo Rodríguez González.
2. Nair Trastoy Cupeiro.
3. Marco Aurelio Castro Trigueros.
4. Ana María Ignacio Merchán.

Suplentes:
1. José Manuel Fernández Vivero.
2. Aida Marcos Arias.

BNG

1. Olalla Rodil Fernández.
2. Iago Suárez Fernández.
3. Inmaculada Castro Besteiro.
4. Severino Salgueiro Rodríguez.

Suplentes:
1. Mª Montserrat Porteiro Sánchez.
2. Manuel Luaces Fernández.
3. Beatriz Álvarez Sixto.
4. Bernardo Valdês Paços.
5. Rosa Ana Prieto Florines.
6. Fco. Javier Fanego Bermúdez.
7. Elvira Lombao Vila.
8. Pedro Rodríguez Romero.
9. Raquel Ferreira Álvarez.
10. David Díaz López.

CANDIDATOS SENADO LUGO 2026

PP

1. José Manuel Barreiro Fernández.
Suplente 1: Karin Mago Marcano.
Suplente 2: José Manuel Blanco Vila.

2. Dolores Castro Ochoa.
Suplente 1: Pablo Figueiras Reguera.
Suplente 2: Encarnación Bernal Marín.

3. Juan Carlos Serrano López.
Suplente 1: Rosa Mª Arza Rodríguez.
Suplente 2: Daniel Orosa Pico.

SENADO DE PROGRESO

1. César Alejandro Mogo Zaro.
Suplente 1: Marina Ramudo Graña.
Suplente 2: Miguel A. Crende López.

2. Paula González Fernández.
Suplente 1: Plácido Lizancos Mora.
Suplente 2: Libertad Fraga Grueiro.

3. Roberto Castro González.
Suplente 1: Lucía Villamor Lagos.
Suplente 2: Sergio López Ramudo.

VOX

1. Manuel Menéndez Mato.
Suplente 1: Seidy Seijo Vergara.
Suplente 2: Adolfo Yáñez Río.

2. María Jesús Sánchez Suárez.
Suplente 1: Julio Pérez Loureiro.
Suplente 2: Tahis Cambeses Abeledo.

3. José Miguel González Lemos.
Suplente 1: Mª Cruz Pérez González.
Suplente 2: Giovanni Lodos López.

PODEMOS

1. Fernando Otero Bello.
Suplente 1: Esther Gómez Rivera.
Suplente 2: Carlos Martínez Martínez.

2. María Isabel Vázquez Pérez.
Suplente 1: Mario Argüeso Galván.
Suplente 2: Mª Ángeles Gayoso Fraga.

3. Arturo Pérez Gutiérrez.
Suplente 1: Andrea Farias Asegurado.
Suplente 2: Salvador García Cebral.

BNG

1. Brenda González Fernández.
Suplente 1: Manuel Diéguez Vázquez.
Suplente 2: Wanesa Gómez Lourido.

2. David Ángel Villares Sánchez.
Suplente 1: Mónica Roca Ares.
Suplente 2: Jorge Macía González.

3. Candela López Piñeiro.
Suplente 1: Martín Gómez Souto.
Suplente 2: Pilar Vázquez Sánchez.

DEPUTACIÓN

Carmela López propón pactar coa Xunta un modelo de financiamento municipal

A Deputación de Lugo disporá no ano 2027 dun orzamento de 155.206.521 euros, unha cifra histórica que é posible grazas á xestión económica que a Deputación veu facendo nos últimos anos e á participación nos ingresos do Estado.

As contas de 2027 crecen un 14,77 % respecto ás do exercicio vixente, segundo deu a coñecer a presidenta da Deputación, Carmela López, no Parlamento de Galicia. Porén, a dirixente foi máis aló e aproveitou a comparecencia na Cámara galega para retar a Xunta a abrir o debate sobre o modelo de reparto dos fondos públicos aos concellos.



"Falemos das competencias e dos servizos que estamos asumindo. Quero un acordo que nos obrigue a todos. Tamén a min. Porque hai algo que como alcaldesa de Burela teño moi claro. Non quero depender de quen goberne noutra institución. E tampouco quero que ningún dos 67 concellos dependa de quen presida a Deputación ou a Xunta de Galicia en cada momento", afirmou López.

A presidenta da Deputación quixo incidir na idea de que "os recursos públicos non son favores que conceden os gobernos", senón que "pertencen á cidadanía". Por iso, propón ir a un modelo no que, cando cambien os gobernos non cambien as regras para os concellos. Os criterios deben ser obxectivos, estables e públicos, defendeu na Cámara galega.

Os Orzamentos da Deputación para 2027, que o goberno prevé someter a debate e a aprobación no pleno este mes, contan con case 20 millóns de euros máis que no ano vixente.

O incremento orzamentario tamén permitirá destinar máis recursos aos eixes cos que o goberno provincial trata de mellorar os servizos aos veciños e de reequilibrar e facer máis competitivo o territorio: as estradas, a atención ás persoas, a prevención e a resposta ás emerxencias e o apoio a sectores económicos que son vitais para a provincia.

Nesta liña, o capítulo de investimentos reais crecerá un 58,92 %, ata os 31.053.156 euros.

"A Deputación é o concello dos concellos e a súa principal razón de ser é apoiar os 67 municipios da provincia", destacou a presidenta da institución na súa comparecencia.

Por esa razón, o Plan Deputación 2027 sobe dos 22,24 aos 25 millóns de euros. É un 12,4 % máis, fronte ao incremento de 250.000 euros que se viña facendo ata agora en virtude ao acordo de goberno PSOE-BNG.

A Deputación aposta por reforzar un modelo de reparto dos fondos que parte dun mínimo fixo de 150.000 euros e que basea a parte variable en criterios obxectivos (poboación, dispersión, envellecemento...). Outra das fortalezas do Plan Deputación é que permite que sexan os concellos os que decidan o destino da axuda. Coa proposta de 2027, recibirán máis fondos 63 dos 67 concellos, posto que os outros catro xa perciben a contía máxima.

Porén, a presidenta defendeu que o obxectivo da Deputación non só é achegar financiamento aos concellos, senón dotalos de capacidade técnica. "Queremos unha Deputación que non se limite a transferir fondos, senón que tamén ofreza coñecemento, ferramentas e capacidade de xestión", sinalou.

Os Orzamentos de 2027 recollerán de novo fondos para continuar mellorando o servizo de Recadación que a institución presta aos concellos a través dunha aplicación informática que está botando a andar. A este fin irá destinado un millón de euros.

A Deputación tamén continuará investindo en Mencía, a estratexia que lanzou hai uns meses para incorporar a intelixencia artificial de maneira segura e responsable á administración provincial e aos concellos.

Os Orzamentos de 2027 tamén serán innovadores porque recollerán unha partida para impulsar un servizo provincial de drons. O obxectivo é prestar asistencia técnica aos municipios nas actuacións relativas a materias nas que a normativa o permite, como a xestión do territorio, as infraestruturas e o medio ambiente.

Case cinco millóns máis para manter a rede provincial de estradas

As comunicacións volverán ter unha importancia capital nos Orzamentos da Deputación dado que, como se sabe, ten ao seu cargo a rede de estradas máis ampla do territorio español, de 4.217 quilómetros.

A partida de estradas ascenderá a 23,65 millóns de euros, 4,75 millóns máis que en 2026. É un incremento do 25,1 % que supón unha aposta pola conservación e o mantemento.

A Deputación, dentro das competencias que ten, reservará fondos en 2027 para reforzar o sistema e avanzar cara a un modelo máis robusto e adaptado á realidade territorial.

A partida de emerxencias sumará 5,51 millóns de euros, un 11 % máis que en 2026. A achega ao Consorcio Provincial de Bombeiros situarase en 4,56 millóns de euros, xa que se consignará diñeiro para seguir reforzando os medios materiais e humanos do Consorcio e para tratar de avanzar na integración dos GES..

O Plan Deputación ampliarase ata os 25 millóns de euros

O Plan Deputación para 2027 incrementarase en 2,75 millóns de euros, ao contar cunha dotación total de 25 millóns. A suba do 12,4 % respecto ao exercicio actual supón un aumento histórico fronte aos 250.000 euros anuais que se viñan engadindo ata agora. Ademais, os concellos poderán recibir anticipos de ata o 80 % dos fondos asignados, fronte ao 50 % actual, para dispoñer de máis recursos desde o inicio e executar as actuacións previstas.

O incremento beneficiará a 63 dos 67 municipios da provincia. Lugo, Monforte de Lemos, Vilalba e Viveiro manterán os 600.000 euros que xa reciben, ao alcanzar o límite máximo establecido no plan. Tamén se conservará o actual sistema de reparto, baseado na poboación (40 %), as entidades singulares (25 %), a superficie (20 %) e o índice de envellecemento (15 %), así como unha achega mínima de 150.000 euros por concello.



O Plan Deputación é a principal ferramenta de cooperación económica da institución provincial cos municipios e permite financiar tanto obras e infraestruturas como servizos municipais. Entre os ámbitos aos que se destinan estes fondos figuran a Axuda no Fogar, o emprego, a cultura, o deporte, a promoción turística, as feiras e mercados, a accesibilidade ou a protección civil. A presidenta, Carmela López, defendeu o aumento dos recursos para axudar os concellos a afrontar as necesidades da veciñanza, mentres que o vicepresidente, Efrén Castro, incidiu na importancia desta achega para soster a capacidade de investimento, especialmente nos municipios máis pequenos.

Comeza o proceso para integrar os cinco GES no Consorcio de Bombeiros

A presidenta da Deputación, Carmela López, xunto á deputada Pilar García Porto e persoal técnico da institución mantivo unha reunión con representantes dos GES (Grupos de Emerxencias Supramunicipais) para comunicarlles que, tal como se comprometeu publicamente hai uns meses, a Deputación está en condicións de iniciar o traballo coa Xunta de cara á integración destes grupos no Consorcio Provincial de Bombeiros, organismo do que forman parte ambas administracións.

A Deputación incluirá nos Orzamentos do próximo ano a partida económica que lle corresponde aportar á Deputación para esa integración. A outra metade debe ser consignada pola Administración autonómica, que hai uns meses solicitou a López unha proposta de reforma do Consorcio.

A Deputación conta xa con ese documento, que inclúe unha proposta de integración tanto de medios materiais como persoais, unha proposta de estrutura organizativa e unha folla de ruta, que pasaría pola creación dunha mesa técnica para a reforma administrativa e estatutaria do Consorcio.

Os Orzamentos de 2027 recollerán partidas que permitirán ampliar o cadro do persoal do GES de Cervo, tal como veñen demandando os traballadores deste servizo e o propio Concello. A Deputación garantirá a parte que lle corresponde aportar para pasar de 12 a 18 traballadores.

Igualmente, López cumpre co compromiso de empezar a traballar para dotar os concellos da Montaña dun parque de Bombeiros.

DEPORTES

Aprender a levantarse dentro e fóra do tatami no Club Judo Lugo

Fundado en 1981, o club aposta polo deporte base, a educación en valores e unha práctica formativa, lúdica e adaptada a todas as idades

Jessica Fernández

Aprender a caer, levantarse e volver intentalo resume boa parte da filosofía do Club Judo Lugo, unha entidade fundada en 1981 que está a piques de cumprir medio século de traxectoria. Máis alá da técnica e da preparación física, o club concibe o judo como unha ferramenta educativa coa que traballar desde a infancia valores como o respecto, a disciplina, o autocontrol, a constancia e a superación persoal. Cunha comunidade duns 250 deportistas, a súa prioridade segue a ser o deporte base e unha formación na que o crecemento persoal ten tanto peso como a evolución deportiva.

Esta maneira de entender o judo cobra especial protagonismo no traballo de María Santos, directora da base e unha das figuras que mellor coñece a evolución da entidade. Vinculada ao club desde 1984, cando chegou con apenas catro anos, hoxe combina a experiencia como adestradora coa responsabilidade de impulsar e organizar a formación das novas xeracións. O seu labor representa a aposta por achegar o judo aos máis pequenos e facer do tatami un espazo no que, ademais de aprender unha disciplina deportiva, adquiran ferramentas para afrontar os retos dentro e fóra del.

"O noso principal obxectivo nunca foi a competición nin o alto rendemento, porque lle damos moita importancia á base, ao aspecto lúdico e educativo", sinala Santos. Esa filosofía determina a maneira de traballar cos máis pequenos e tamén o acompañamento dos deportistas que, ao medrar, deciden se queren orientar a súa práctica cara á competición ou se prefiren continuar adestrando sen participar en torneos.

OS ÉXITOS

A aposta polo desfrute do deporte non impediu que o Club Judo Lugo acadase resultados destacados ao longo da súa historia. Entre os nomes vinculados á entidade figura Sara Álvarez Folgueira, campioa de Europa. Nas categorías inferiores tamén sobresaíron judocas como Iria García, quinta nos Xogos Olímpicos da Xuventude, Maite Ríos Cortiñas e Juan Carlos Trillo, irmán do presidente do club, que foi campión de España.

A propia María Santos foi campioa galega en máis de dez ocasións, en diferentes categorías, e acadou o quinto posto no Campionato de España júnior e no universitario. Con todo, estes logros non se entenden unicamente desde o esforzo individual. A preparación require compañeiros cos que adestrar, aprender técnicas e mellorar, polo que o progreso dun deportista depende tamén do traballo do grupo.

"A pesar de que destacamos os éxitos individuais, porque é un deporte individual, o importante do judo é que, de feito, é un dos seus principios: para crecer como competidor necesitas que o resto da xente creza contigo. Existe un progreso mutuo como judoca", explica Santos.

> **"Non é importante que saquen resultados deportivos cedo, senón que o noso obxectivo é que cheguen á idade adulta gozando do judo, do noso deporte e dunha maneira saudable"**

A colaboración resulta fundamental para avanzar e preparar as competicións. "Se non tes ao teu redor bos judocas cos que adestrar, é moi difícil sacar resultados deportivos. Aínda que a medalla a leve unha persoa, realmente o mérito e o éxito é do club enteiro", engade. Por iso, a entidade dá importancia tanto aos resultados como ao traballo diario que permite que cada alumno mellore segundo as súas capacidades.

DISCIPLINA E RESILIENCIA

A filosofía xaponesa do judo mantén o respecto e a disciplina como piares da práctica. Estes valores están presentes en xestos como o saúdo, denominado rei, que se realiza ao comezo e ao final das clases, así como antes e despois dos combates. É unha mostra de respecto cara aos compañeiros e adversarios que forma parte da aprendizaxe desde as primeiras sesións. "É un deporte que vén de Xapón, polo que ten toda unha filosofía oriental centrada no respecto e na disciplina. Iso si que se conserva, aínda que se foi modificando un pouco ao longo dos tempos. É importante que se conserve", afirma Santos.

O autocontrol, a humildade, o compañeirismo e o afán de superación tamén se traballan durante os adestramentos. Para reforzar estas actitudes entre os nenos e nenas, o club utiliza un sistema de puntos que recoñece o bo comportamento e o respecto ás normas. Así, a formación non se limita á técnica, senón que incorpora hábitos que poden trasladarse á vida cotiá. Aínda que Santos destaca especialmente a resiliencia, unha capacidade que relaciona coa propia dinámica deste deporte. "O judo é un deporte no que hai proxeccións, é dicir, estás caendo continuamente, e é moi importante volver levantarse e volver empezar. Eses son aprendizaxes que se poden trasladar á vida", explica.

O judo tamén ofrece beneficios físicos, mentais e sociais. A súa práctica require coordinación, concentración e control dos movementos, ademais de traballar capacidades como a resistencia e a flexibilidade. O adestramento compartido favorece, á súa vez, a convivencia e a aprendizaxe en grupo. "Aparte dun desenvolvemento en valores, o judo engloba un desenvolvemento físico, un desenvolvemento mental e un desenvolvemento a nivel social. É dicir, ten un carácter integrador do desenvolvemento da persoa", resume Santos. A directora lembra tamén que a UNESCO recomendou esta disciplina en 1996 como actividade física para nenos e mozos de entre catro e vinte anos.

Unha das dúbidas habituais das familias é se se trata dun deporte violento. Santos rexeita esa idea e destaca o papel do autocontrol: "O que fas é conseguir canalizar a enerxía, pero nunca é agresividade". A técnica baséase nos agarres, os desequilibrios e as proxeccións, así como nas inmobilizacións unha vez no chan. Non hai golpes, unha diferenza importante respecto doutras disciplinas de combate.

Ademais, o traballo técnico implica ambos os lados do corpo e require combinar movementos diferentes cos brazos e coas pernas. Esta práctica contribúe a desenvolver a coordinación bilateral e a capacidade para executar accións complexas, ao tempo que se aprende a controlar a forza e a respectar os límites do compañeiro.



UN DEPORTE PARA TODOS

O Club Judo Lugo adoita incorporar nenos e nenas a partir dos catro anos e non establece unha idade máxima para practicar. De feito, hai persoas que continúan adestrando arredor dos setenta anos. A continuidade é unha das prioridades da entidade, que busca que os alumnos manteñan o interese polo deporte máis alá das primeiras etapas de formación. "Non é importante que saquen resultados deportivos cedo, senón que o noso obxectivo é que cheguen á idade adulta gozando do judo, do noso deporte e dunha maneira saudable", indica Santos.

Nas primeiras categorías, as competicións teñen un carácter lúdico e están adaptadas á idade dos participantes. Nenos e nenas compiten xuntos, aínda que se manteñen as divisións por peso. A partir da categoría infantil comezan a separarse por sexos, debido ás diferenzas físicas que aparecen co desenvolvemento. Nos encontros de iniciación, todos reciben un premio de participación e a finalidade é aprender e gozar da experiencia, non conseguir medallas. A partir dos dezaseis, dezasete ou dezaoito anos, a competición pode gañar peso para quen quere avanzar nesa dirección. Con todo, tamén hai deportistas que prefiren adestrar sen competir. O club respecta ambas as opcións: "Priorizamos o obxectivo do deportista. O que quere competir, compite, e dáselle a oportunidade e acompáñase. Pero o que non quere competir goza do deporte sen necesidade de facelo", explica Santos.

APOIOS E FUTURO

A actividade desenvólvese no Ximnasio Lugo, con tres quendas de adestramento infantil: de 17:00 a 18:00, de 18:00 a 19:00 e de 19:00 a 20:00 horas. Ademais, os luns, mércores e venres hai sesións para adultos. O equipo de adestradores está formado por David Pérez, Carlos Segade e María Santos, coa participación ocasional do presidente, Amador Trillo Morado. As persoas interesadas poden probar o judo mediante unha ou dúas sesións gratuítas e decidir despois se queren incorporarse. Non é necesario agardar ao inicio da tempada, xa que o club admite novas incorporacións durante todo o ano.

Manter a actividade, especialmente no ámbito competitivo, tamén require recursos. Os desprazamentos, as comidas e as horas que os adestradores dedican a acompañar os equipos supoñen gastos que poden prolongarse durante toda unha xornada, sobre todo nas competicións de base, nas que participan diferentes categorías. "É moi importante contar coas diferentes organizacións, porque, se non, é moi difícil levar a cabo as actividades de judo, sobre todo a nivel de competición", advirte Santos. Aínda que un combate poida durar entre 3 e 5 minutos por neno, os adestradores teñen que permanecer desde a mañá ata a tarde. "É un traballo que non se ve, pero hai que facelo. Por iso, cando hai subvencións, sempre as solicitamos", engade. O Club Judo Lugo continúa coa formación técnica e a educación en valores. Os resultados deportivos forman parte da súa historia, pero a prioridade segue sendo atopar no judo unha actividade saudable e gozar do deporte.

Nico Adega logra a prata mundial de maratón KL3



Nico Adega proclamouse subcampión do mundo de paracanoe na modalidade masculina KL3 de maratón ao conseguir a medalla de prata no campionato disputado en Arxentina. O deportista lucense completou a proba cun tempo de 55:53.60, a só 3,50 segundos do extremeño Juan Valle, que se impuxo cun rexistro de 55:50.10. O británico Timothy Lodge ocupou a terceira posición do podio.

A loita polo título estivo protagonizada polos dous representantes españois, que desde os primeiros compases conseguiron distanciarse dos seus rivais. A igualdade mantívose durante boa parte da carreira e a clasificación definitiva decidiuse no tramo final, cos últimos 100 metros como escenario dun desenlace moi axustado.

Tras a competición, Adega amosouse satisfeito co seu rendemento e celebrou que o ouro tamén quedase en mans españolas. "Estou súper contento coa miña carreira aquí en Arxentina", sinalou o padexeiro.

Este novo éxito amplía o palmarés internacional de Nico Adega, que en 2025 se proclamara campión do mundo de maratón KL3 en Győr e que en xuño de 2026 tamén conquistara o título europeo.

Pablo López consegue outra norma de Mestre Internacional de xadrez



Pablo López Varela, xogador e adestrador da Escola Luguesa de Xadrez, completou unha destacada actuación na Copa de Europa de Clubs, celebrada en Budva (Montenegro), con cinco vitorias, dúas táboas e ningunha derrota. O Mestre FIDE sumou seis puntos dos sete posibles, conseguiu a súa cuarta norma de Mestre Internacional e incrementou a súa puntuación Elo en 26,6 puntos.

Un dos resultados máis salientables chegou no encontro contra o gran mestre checo David Navara, que conta con 2.607 puntos Elo e chegou a situarse entre os vinte mellores xogadores do mundo. As táboas fronte a un rival deste nivel destacan nun torneo no que López Varela mantivo a regularidade durante as sete partidas disputadas.

O xogador lucense participou na competición cedido polo C. A. Silla. A cuarta norma supón un novo avance no seu camiño cara ao título de Mestre Internacional, aínda que non implica a concesión automática deste recoñecemento.

Ademais do resultado deportivo, a experiencia tamén repercute no seu labor como adestrador da Escola Luguesa de Xadrez, onde pode trasladar ao alumnado os coñecementos adquiridos fronte a algúns dos nomes destacados do xadrez internacional.

Marta Martínez, da Escola Dajankai, acada o sétimo posto na Liga Nacional de Kárate



Marta Martínez Pérez, integrante da Escola de Karate Dajankai de Lugo, rematou na sétima posición na categoría de Kata Senior Feminino durante a sexta xornada da Liga Iberdrola de Kárate, disputada o pasado domingo 25 de outubro no pavillón Sara Marín y María Díez de Elche, en Alacant.

A competición, organizada pola Real Federación Española de Kárate e a Federación de Kárate da Comunidade Valenciana, congregou algunhas das principais representantes desta disciplina a nivel estatal, entre elas deportistas con experiencia internacional. Neste esixente contexto, Martínez completou unha boa actuación que lle permitiu rematar entre as oito primeiras clasificadas.

Desde a Escola de Karate Dajankai valoraron tanto o resultado como a progresión da karateka, que se incorporou ao club hai apenas uns meses. "Estamos moi contentos co traballo de Marta. Leva pouco connosco e xa se nota unha evolución moi clara. Este resultado é un estímulo para seguir medrando xuntos", sinalaron desde a dirección técnica.

O CB Breogán fai historia ao anotar 110 puntos no derbi



O CB Breogán protagonizou unha das grandes actuacións da súa historia deportiva na Liga Endesa ao derrotar o Monbus Obradoiro por 90-110 no primeiro derbi galego da tempada. O equipo dirixido por Luis Casimiro dominou o encontro cunha destacada exhibición ofensiva e sumou a súa cuarta vitoria do curso, nun partido no que o colectivo celeste se mostrou superior ao seu rival.

O triunfo tivo, ademais, un valor histórico para o club lucense. Os 110 puntos anotados supoñen a maior cifra acadada polo Breogán ante un rival galego na máxima categoría do baloncesto nacional e tamén establecen un novo récord anotador do equipo como visitante.

Os 20 puntos de diferenza final permitiron igualar, ademais, a maior marxe de vitoria da entidade nun derbi autonómico, un rexistro que se remontaba a 1991, cando o daquela Dyc Breogán vencera o OAR Ferrol por 89-69.

O CD Lugo continúa liderando a táboa clasificatoria de 1ª RFEF



O CD Lugo lidera o Grupo 1 de Primeira Federación tras impoñerse este domingo á AD Mérida por 2-1 no Anxo Carro.

O conxunto dirixido por Borja Fernández mantén así o pleno de vitorias como local e amplía a cinco puntos a súa vantaxe sobre o segundo clasificado.

Os albivermellos só perderon un encontro no que vai de tempada, na súa visita ao Real Unión Club de Irún. No resto da competición, o equipo amurallado mantén unha traxectoria que lle permite ocupar o primeiro posto da clasificación.

Ante o Mérida, os lucenses realizaron unha excelente primeira metade e souberon xestionar a renda tras o descanso. Aínda que sufriron nos últimos minutos, cando o rival apertou, defenderon o resultado con firmeza ata o asubío final.

RECEPCIÓN INSTITUCIONAL. Como mostra de apoio, xogadores e corpo técnico do Club Deportivo Lugo foi recibido no Concello de Lugo, onde a alcaldesa, Elena Candia, e o concelleiro de Deportes, Damián Carballo, trasladaron á entidade albivermella o seu recoñecemento pola súa traxectoria e pola súa contribución ao deporte lucense.

O encontro contou coa participación da directiva, o corpo técnico e os xogadores do club. Durante a recepción, Candia felicitou os representantes da entidade polo traballo desenvolvido e destacou o seu papel como referente deportivo e social da cidade.

Uxía Folgueira, subcampioa do mundo con 14 anos: "Quero representar ao meu país"



A lucense Uxía Folgueira González alcanzou con só 14 anos un dos maiores éxitos da súa traxectoria deportiva ao proclamarse subcampioa do mundo de karate na modalidade de kata por equipos cadete-júnior. A deportista da Escola Deportiva Shihan de Lugo conseguiu a medalla de prata xunto ás súas compañeiras da selección española no Campionato do Mundo da Federación Mundial de Karate (WKF), disputado na cidade polaca de Bielsko-Biała, onde o combinado nacional unicamente caeu ante Xapón.

Detrás deste resultado hai anos de adestramento, disciplina e sacrificios. A súa relación co karate comezou en 2016, cando tiña apenas catro anos e se incorporou á Escola Shihan. Desde entón, foi progresando ata alcanzar un podio mundial que supón o maior recoñecemento ao seu traballo ata a data.

A organización é precisamente un dos valores que máis trasladou á súa vida cotiá, tamén no ámbito académico. "Eu teño menos tempo que outras nenas da miña idade. Cando as miñas compañeiras están estudando, eu estou adestrando, entón teño que saber xestionar moi ben as horas que teño e a que lle podo dedicar tempo", explica. Por iso, recoñece que non pode permitirse chegar á casa e desconectar sen máis: "Eu non podo chegar á casa e estar co móbil, teño que poñerme a estudar, aínda que non teña ganas".

O deporte tamén lle ensinou a respectarse a si mesma e ás súas rivais, algo que lle permitiu construír amizades mesmo entre competidoras. Como exemplo, cita a Candela Peña, outra karateka coa que mantén unha relación de apoio mutuo malia a rivalidade que existe sobre o tatami. "Podemos ter esa rivalidade porque queremos gañar, pero temos unha amizade moi bonita", sinala.

Máis alá de dominar os movementos e as técnicas desta disciplina, Folgueira considera que a maior dificultade do seu percorrido foi todo o que tivo que deixar atrás para chegar ata onde está. "Aprendo rápido e non hai ningún movemento que considere que me custase. Pero si que tiven que renunciar a moitísimas cousas desde os catro anos, e iso é o máis duro do camiño do deportista", recoñece.

A moza admite que lle gustaría poder pasar máis tempo coas súas amigas durante as fins de semana, aínda que ten claro que agora mesmo a súa prioridade é seguir medrando deportivamente. "Estou centrada no deporte, porque sei que podo chegar lonxe e sei a sorte que teño. Por iso, non podo desviarme dese camiño", afirma.

Nese esforzo tamén destaca o papel da súa familia, especialmente polo respaldo económico que recibe para poder continuar competindo e adestrando ao máximo nivel. Un apoio que ten moi presente e polo que se mostra agradecida. A súa ambición, ademais, vai máis alá dos resultados conseguidos ata agora: "Eu quero representar o meu país a nivel individual e iso só se consegue con traballo".

Con 14 anos e unha medalla mundial no seu palmarés, Uxía Folgueira continúa avanzando coa mirada posta en novos retos, consciente de que o camiño cara á elite esixe constancia, organización e capacidade para asumir sacrificios.

Pablo Iglesias fai historia no hóckey liña coa medalla mundial de bronce



Pablo Iglesias Carballeira conseguiu a medalla de bronce lograda coa selección española júnior nos World Skate Games 2026, celebrados en Asunción, Paraguai. Con só 18 anos, Iglesias formou parte do equipo que acadou o terceiro posto mundial, un resultado histórico para o deporte galego. Con esta medalla, converteuse no primeiro xogador galego masculino en participar nunha competición internacional de hóckey liña e conseguir un metal.

Iglesias inclúe varios resultados destacados nas competicións estatais. Na tempada 2020-2021 foi o máximo puntuador e goleador absoluto de España na Liga Élite Alevín. Dous anos despois, na campaña 2022-2023, volveu liderar a clasificación nacional por puntos na Liga Ouro Infantil. Tamén rematou como máximo anotador do torneo estatal de seleccións autonómicas.

Na categoría xuvenil, durante a tempada 2024-2025, contribuíu a que o CP Lóstregos acadase a cuarta posición na Liga Élite Xuvenil. A nivel individual, finalizou terceiro no ranking de puntos da competición estatal e no Campionato de España da categoría. Nese mesmo período, encabezou a clasificación nacional da Mapax Challenger League e levou o equipo Lucus Augusti ao primeiro posto estatal.

A súa progresión continuou en xuño de 2026 coa medalla de prata no Campionato de España Júnior Masculino, disputado en Oropesa del Mar, que lle permitiu proclamarse subcampión de España da categoría.

O xogador tamén deu o salto á Liga Ouro Masculina e á Liga Élite Sénior, a máxima categoría absoluta do hóckey liña español. Ante a falta dunha competición sénior masculina de ámbito estatal en Galicia, comezou a competir co Tres Cantos, club madrileño.

O concelleiro de Deportes, Damián Carballo, destacou o esforzo, a perseveranza e a progresión do mozo, cuxa formación deportiva estivo estreitamente ligada ao Club Patín Lóstregos Lucus de Lugo, onde desenvolveu boa parte da súa carreira.

A recepción institucional serviu para trasladarlle o recoñecemento municipal pola súa dedicación e os resultados acadados, así como para desexarlle sorte nos próximos desafíos deportivos.

LUGOXA
Para calquera suxestión, información ou comentario non dubide en poñerse en contacto con nós.
Teléfono 661 464 323
redaccion@lugoxa.com

Edición: PORTAS COMUNICACIÓN S.L.
Dirección: Diego E. García Puente
Teléfono: 661 464 323
E-mail: redaccion@lugoxa.com
Impresión: Tameiga Publicacións S.L.
Dep. Legal: LU 56-2021

Os artigos de opinión publicados reflicten unicamente posturas persoais dos seus autores. O contido dos artigos será responsabilidade do seu autor. Este medio non se responsabiliza das opinións e ideas incluídas no mesmo.

DE RUTA EN RUTA

Ruta da pedra de Díaz Castro de Guitiriz

O itinerario combina o legado da cantería coa figura do poeta e permite descubrir lugares vinculados á súa vida e á súa obra

A figura de Xosé María Díaz Castro, poeta e tradutor nacido en Guitiriz, dá nome e sentido á ruta da pedra de Díaz Castro, un percorrido de case cinco quilómetros e dificultade baixa que foi sinalizado recentemente. Ao longo do traxecto, a pedra e a pegada do escritor convértense nos principais fíos condutores dunha camiñada que atravesa paisaxes naturais que inspiraron algúns dos seus poemas.

O punto de inicio sitúase na casa onde naceu o poeta, no lugar de Vilariño. Trátase dunha construción de pedra na que hoxe se pode ver unha placa conmemorativa. Desde alí, o camiño avanza entre árbores e, aos poucos metros, permite atopar unha fonte. A pouco máis de medio quilómetro do comezo aparece un monolito dedicado aos canteiros, un oficio tradicional con moita presenza na zona. Neste mesmo tramo tamén se atopa a vivenda dun dos antigos canteiros máis destacados da contorna.

A ruta continúa por camiños de terra nos que os muros de pedra que delimitan as fincas se integran cos bosques autóctonos, creando unha paisaxe de gran beleza. Tras cruzar a aldea da Casa Nova de Vilariño e percorrer un breve treito asfaltado, chégase ao primeiro desvío, que conduce a Porto Muíño.

Neste lugar consérvanse os restos dun muíño e dun antigo lavadoiro. Segundo conta a tradición, Díaz Castro detíñase alí cando ía á escola para conversar coas mulleres que lavaban a roupa. Este espazo tamén deixou pegada na súa obra, xa que aparece reflectido nos versos do poema Vísperas.

A seguinte desviación atópase tras camiñar uns 500 metros máis. Despois de percorrer algo máis dun quilómetro e medio por un camiño, aparece o Cruceiro de Riotorto, obra de Ignacio Castro, vinculado familiarmente ao poeta. O monumento conta cunha plataforma de dous chanzos de granito e unha inscrición relacionada coas indulxencias concedidas polo bispo de Lugo a quen rece diante del.

De volta no itinerario principal, existen dúas opcións: tomar o desvío cara ao Buriz, que permite acurtar parte do percorrido, ou continuar pola variante que leva ata o petróglifo do Agro das Calzadas.

Este gravado prehistórico atópase nunha gran rocha de granito duns cinco metros de lonxitude e 1,75 metros de altura. Na parte dereita presenta doce coviñas, mentres que na zona superior se distinguen dous pequenos círculos moi erosionados.

A composición principal sitúase na zona central esquerda da pedra. Está formada por un motivo cadrado irregular, flanqueado a ambos os lados por dúas figuras compostas por tres liñas curvas concéntricas. Debido ao estado actual de conservación do petróglifo, recoméndase visitalo durante a posta de sol, cando as sombras se marcan con maior intensidade e permiten apreciar mellor os gravados.

Unha vez rematada a visita, hai que regresar ao camiño principal para seguir en dirección ás Mezoiras. Tras atravesar esta aldea, o percorrido continúa ata O Buriz, onde se atopa a escola na que estudou Díaz Castro. O itinerario conclúe no campo da festa, aínda que a visita pode completarse achegándose á igrexa, ao cemiterio e a algúns dos cruceiros da localidade.





DATOS

- 2 horas
- 5 quilómetros
- Dificultade sinxela

Parrillada Restaurante
Porta Santiago
LLEVAMOS EL RESTAURANTE A TU CASA
CATERING SAN YAGO
Banquetes a domicilio
666 008 929
Hostal
Cela
ALQUILER DE HABITACIONES
Y APARTAMENTOS
619 376 877
Con baño, TV y caja fuerte, Wi-Fi...
Para pensionistas, trabajadores, estudiantes
CON O SIN PENSIÓN COMPLETA
Ronda da Muralla, 176 - 27002 Lugo · Tel: +34 982 252 405 - restauranteportasantiago@gmail.com · www.portasantiago.com